De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 19.06.2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de



Concello de Vigo

ACORDO

PRIMEIRO: DESTINAR a cantidade de 11.980,00€ procedente do crédito non liberado do Programa Contratacións para o incremento proporcional da cantidade de 70.000,00€ asignada ao Programa Indefinidos ata un montante por importe de 77.624,07€ e o incremento da cantidade de 40.000,00€ asignada ao Programa Mellora ata un montante de 44.355,93€ para afrontar o pagamento das axudas a conceder con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 06 “Axudas á Contratación”.

SEGUNDO: CONCEDER o gasto por un importe de **150.000,00€** con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.06 “Axudas á Contratación” do vixente exercicio orzamentario, correspondendo:

-77.624,07 € ao Programa Indefinidos: incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos das axudas seguintes:

Ord Prg	Expte.	Solicitante	NIF	Prog. Solic.	Nº traballadores	Transfmc. contrato	Incremento colectivo				Incrém. Dimens. empresa	Xorn. laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
							Idade	Disc	Muller	VVD				
1	20108/77	CISFORMEDIA SL	B27702240	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	300,00€	0,00€	500,00€	100%	2.800,00 €	2.800,00 €
2	20109/77	VG PADEL SL	B27744119	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	300,00€	0,00€	500,00€	55,52%	1.554,56 €	1.554,56 €
3	20110/77	FARMACIA PEREZ VAZQUEZ CB	E67906214	Indef	1	2.000,00 €	300,00€	0,00€	300,00€	0,00€	500,00€	100%	3.100,00 €	3.100,00 €
4	20111/77	ACEROS Y METALES DE GALICIA SL	B27859594	Indef	1	2.000,00 €	300,00€	0,00€	300,00€	0,00€	500,00€	100%	3.100,00 €	3.100,00 €
5	20112/77	DAR MIL PUNTADAS SL	B27766435	Indef	2	(1)	(1)	(1)	(1)	(1)	(1)	(1)	5.300,00 €	5.300,00 €
6	20114/77	MARIA GLORIA NIETO HUERTAS	****4469*	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	300,00€	0,00€	500,00€	50%	1.400,00 €	1.400,00 €
7	20115/77	BRIZO ECOSISTEMAS SL	B36984573	Indef	2	(2)	(2)	(2)	(2)	(2)	(2)	(2)	4.600,00 €	4.600,00 €
8	20116/77	ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL	B27786045	Indef	1	2.000,00 €	300,00€	0,00€	300,00€	0,00€	0,00€	100%	2.600,00 €	2.600,00 €
9	20118/77	PATRICIA SANDE LLOVO	****8947*	Indef	2	(3)	(3)	(3)	(3)	(3)	(3)	(3)	3.841,98€	3.841,98 €
10	20119/77	ALFONSO FARO COSTA	****6549*	Indef	2	(4)	(4)	(4)	(4)	(4)	(4)	(4)	5.400,00 €	5.400,00 €
11	20120/77	D CUATRO S.COOP. GALEGA	F94139201	Indef	1	2.000,00 €	300,00€	0,00€	300,00€	0,00€	500,00€	100%	3.100,00 €	3.100,00 €
12	20121/77	DST FUEL CARD SL	B27842897	Indef	1	2.000,00 €	300,00€	0,00€	300,00€	0,00€	0,00€	100%	2.600,00 €	2.600,00 €
13	20122/77	FISIOBLO SLP	B36875458	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	300,00€	0,00€	500,00€	100%	2.800,00 €	2.800,00 €
14	20123/77	SEGUR 21 SL	B36904407	Indef	1	2.000,00 €	300,00€	0,00€	300,00€	0,00€	500,00€	100%	3.100,00 €	3.100,00 €
15	20125/77	GESGROB VIGO SLU	B36997385	Indef	1	2.000,00 €	300,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.300,00 €	2.300,00 €
16	20126/77	BLAZQUEZ ASTORGA SLP	B27767342	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
17	20127/77	ATALAIA SCHOOLS SL	B27860634	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	300,00€	0,00€	0,00€	87,50%	2.012,50 €	2.012,50 €
18	20128/77	PELETEIRO INSTALACIONES SL	B27811843	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
19	20130/77	ASOMADOS SL	B27810720	Indef	1	2.000,00 €	300,00€	0,00€	300,00€	0,00€	500,00€	100%	3.100,00 €	3.100,00 €
20	20131/77	SAN MARCO PESCA SL	B27855477	Indef	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	300,00€	0,00€	0,00€	100%	2.300,00 €	2.300,00 €
22	20136/77	TU REPARTIDOR SL	B32435141	Indef	2	(5)	(5)	(5)	(5)	(5)	(5)	(5)	2.940,00 €	2.940,00 €

Ord Prg	Expte.	Solicitante	NIF	Prog. Solic.	Nº traballadores	Transfmc. contrato	Incremento colectivo				Incrém. Dimens. empresa	Xorn. laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
							Idade	Disc	Muller	VVD				
23	20139/77	BIVES TOUR SA	A36771731	Indef	1	2.000,00 €	300,00€	0,00€	300,00€	0,00€	0,00€	100%	2.600,00 €	2.600,00 €
24	20140/77	ASESORITY SL	B27790328	Indef	2	(6)	(6)	(6)	(6)	(6)	(6)	(6)	4.900,00 €	4.900,00 €
25	20145/77	ANIBAL JOSE DOS RAMOS GUTIERREZ	39467901Q	Indef	2	(7)	(7)	(7)	(7)	(7)	(7)	(7)	4.600,00 €	4.600,00 €
26	20147/77	GASTRONOMÍA RAIANA SL	B94167962	Indef	2	(8)	(8)	(8)	(8)	(8)	(8)	(8)	4.800,00 €	3.575,03 € ^(*)
<i>(*) Contía que esgota a partida orzamentaria disposta</i>												TOTAL	78.849,04€	77.624,07€

(1) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA DAR MIL PUNTADAS SL (EXPT. 20112/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Persoa traballadora	Transfmc. contrato	Incremento colectivo				Xornada laboral	Axuda Proposta
							Idade	Discap.	Muller	VVD		
5	20112/77	DAR MIL PUNTADAS SL	B27766435	Indefinidos	MRE(*)	2.000,00 €	300,00 €	0,00 €	300,00 €	0,00€	100%	2.400,00 €
					MMPM (*)	2.000,00 €	300,00 €	0,00 €	300,00 €	0,00€	100%	2.400,00 €
Incremento dimensión empresa										SI	100%	500,00 €
TOTAL A CONCEDER												5.300,00 €

() Contía resultante correspondente a un contrato indefinido fixo discontinuo*

(2) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA BRIZO ECOSISTEMAS SL (EXPT. 20115/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Persoa traballadora	Transfmc. contrato	Incremento colectivo				Xornada laboral	Axuda Proposta
							Idade	Discap.	Muller	VVD		
7	20115/77	BRIZO ECOSISTEMAS SL	B36984573	Indefinidos	ALL	2.000,00 €	300,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00€	100%	2.300,00 €
					JMAA	2.000,00 €	300,00 €	0,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.300,00 €
Incremento dimensión empresa										NON	100%	0,00 €
TOTAL A CONCEDER												4.600,00 €

(3) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA PATRICIA SANDE LLOVO (EXPT. 20118/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Persoa traballadora	Transfmc. contrato	Incremento colectivo				Xornada laboral	Axuda Proposta
							Idade	Discap.	Muller	VVD		
9	20118/77	PATRICIA SANDE LLOVO	****8947*	Indefinidos	APFC	2.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00€	58,21%	1.164,20 €
					BAS	2.000,00 €	300,00 €	0,00 €	300,00€	0,00€	86,38%	2.245,88 €
Incremento dimensión empresa										SI	86,38%%	431,90 €
TOTAL A CONCEDER												3.841,98 €

(4) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA ALFONSO FARO COSTA (EXPT. 20119/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transfmc. contrato	Incremento colectivo				Xornada laboral	Axuda Proposta
							Idade	Discap.	Muller	VVD		
10	20119/77	ALFONSO FARO COSTA	****6549*	Indefinidos	VVGZ	2.000,00 €	300,00 €	0,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.300,00 €
					YOFF	2.000,00 €	300,00€	0,00 €	300,00€	0,00€	100%	2.600,00 €
Incremento dimensión empresa										SI	100%	500,00 €
TOTAL A CONCEDER												5.400,00 €

(5) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA TU REPARTIDOR SL (EXPT. 20136/77) SEGUNDO A TÁBOA:



Concello de Vigo

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transformc. contrato	Incremento colectivo				Xornada laboral	Axuda Proposta
							Idade	Discap.	Muller	VVD		
22	20136/77	TU REPARTIDOR SL	B32435141	Indefinidos	MJGP	2.000,00 €	300,00 €	0,00 €	300,00€	0,00€	60%	1.560,00 €
					DRV	2.000,00 €	300,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00€	60%	1.380,00 €
Incremento dimensión empresa										NON	100%	0,00 €
TOTAL A CONCEDER											2.940,00 €	

(6) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA ASESORITY SL (EXPT. 20140/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transformc. contrato	Incremento colectivo				Xornada laboral	Axuda Proposta
							Idade	Discap.	Muller	VVD		
24	20140/77	ASESORITY SL	B27790328	Indefinidos	IMG	2.000,00 €	0,00 €	0,00 €	300,00€	0,00€	100%	2.300,00 €
					MAP	2.000,00 €	300,00 €	0,00 €	300,00 €	0,00€	100%	2.600,00 €
Incremento dimensión empresa										NON	100%	0,00 €
TOTAL A CONCEDER											4.900,00 €	

(7) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA ANIBAL JOSE DOS RAMOS GUTIERREZ (EXPT. 20145/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transformc. contrato	Incremento colectivo				Xornada laboral	Axuda Proposta
							Idade	Discap.	Muller	VVD		
25	20145/77	ANIBAL JOSE DOS RAMOS GUTIERREZ	****7901*	Indefinidos	EIMQ	2.000,00 €	0,00 €	0,00 €	300,00 €	0,00€	100%	2.300,00 €
					PABO	2.000,00 €	300,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	100%	2.300,00 €
Incremento dimensión empresa										NON	100%	4.600,00 €
TOTAL A CONCEDER											4.600,00 €	

(8) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA GASTRONOMIA RAIANA SL (EXPT. 20147/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transformc. contrato	Incremento colectivo				Xornada laboral	Axuda Proposta
							Idade	Discap.	Muller	VVD		
26	20147/77	GASTRONOMÍA RAIANA SL	B94167962	Indefinidos	PGV	2.000,00 €	0,00 €	0,00 €	300,00€	0,00€	100%	2.300,00 €
					JIPB	2.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €
Incremento dimensión empresa										SI	100%	500,00 €
TOTAL A CONCEDER											4.800,00 €	

-28.020,00 € ao Programa Contratacións: incentivos á contratación indefinida de persoas traballadoras desempregadas das axudas seguintes:

Ord Prg	Expte.	Solicitante	NIF	Prog. Solic.	Nº contratos	Contrato indefinido	Incremento colectivo	Incremento dimensión empresa	Xornada laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
1	20124/77	LUCIA DIZ BALLESTEROS	****3159*	Contratac	1	2.000,00 €	200,00€	500,00€	60%	1.620,00 €	1.620,00 €
2	20129/77	SILVIA MORENO GONZÁLEZ	****3422*	Contratac	1	2.000,00 €	200,00€	500,00€	100%	2.700,00 €	2.700,00 €
3	20145/77	ANIBAL JOSE DOS RAMOS GUTIERREZ	****7901*	Contratac	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
4	20155/77	ELIGE INTELIGENCIA DE NEGOCIO SL	B02857175	Contratac	1	2.000,00 €	200,00 €	500,00€	100%	2.700,00 €	2.700,00 €
7	20185/77	ASESORIA SEGUROS	B36761930	Contratac	1	2.000,00 €	200,00€	500,00€	100%	2.700,00 €	2.700,00 €

Ord Prg	Expte.	Solicitante	NIF	Prog. Solic.	Nº contratos	Contrato indefinido	Incremento colectivo	Incremento. dimensión empresa	Xornada laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
		FISCAL EMPRESAS VIGO SL									
14	20218/77	UROGALLO CAPITAL SL	B32218067	Contratac	4	(9)	(9)	(9)	(9)	9.000,00 €	9.000,00 €
15	20229/77	CRISTOBAL COMESAÑA DAVILA	****1258*	Contratac	1	2.000,00 €	400,00 €	500,00 €	100%	2.900,00 €	2.900,00 €
17	20257/77	CLECE VITAMIN SA	A87045456	Contratac	2	(10)	(10)	(10)	(10)	4.400,00 €	4.400,00 €
TOTAL										28.020,00€	28.020,00€

(9) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA UROGALLO CAPITAL SL (EXPTE. 20218/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Tipo contrato	Incremento colectivo	Xornada laboral	Axuda Proposta
14	20218/77	UROGALLO CAPITAL SL	B32218067	Contratac	LAFC	2.000,00 €	200,00 €	100%	2.200,00 €
					DAG	2.000,00 €	200,00 €	100%	2.200,00 €
					LIC	2.000,00 €	400,00 €	100%	2.400,00 €
					AGI (*)	0,00 €	0,00 €	100%	0,00 €
					GFL	2.000,00 €	200,00 €	100%	2.200,00 €
Incremento dimensión empresa							NON	100%	0,00 €
TOTAL PROPOSTO									9.000,00 €
(*) Incumpre base 3ª, apartado 3.2 e base 4ª, apartado b.1: a persoa traballadora pola que se solicita a axuda non está empadroada en Vigo									

(10) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIONAR Á EMPRESA CLECE VITAMIN SA (EXPTE. 20257/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Tipo contrato	Incremento colectivo	Xornada laboral	Axuda Proposta
17	20257/77	CLECE VITAMIN SA	A87045456	Contratac	MEAS	2.000,00 €	200,00 €	100%	2.200,00 €
					BVR	2.000,00 €	200,00 €	100%	2.200,00 €
Incremento dimensión empresa							NON	100%	0,00 €
TOTAL PROPOSTO									4.400,00 €

–44.355,93 € ao Programa Mellora: incentivos para a mellora da estabilidade laboral das axudas seguintes:

Ord Prg	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº contratos	Tipo contrato	Incremento colectivo	Incremento. dimensión empresa	Xornada laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
2	20137/77	ADRIAN COSTA ROCHA	****0622*	Mellora	1	2.000,00 €	200,00€	500,00€	100%	2.700,00 €	2.700,00 €
3	20153/77	LABULLABESA SL	B36971240	Mellora	1	2.000,00 €	200,00€	0,00€	100%	2.200,00 €	2.200,00 €
4	20156/77	OFICINA DE PROYECTOS DE VIGO SL	B36880292	Mellora	1	2.000,00 €	400,00€	500,00€	100%	2.900,00 €	2.900,00 €
5	20173/77	ALBA LAGO BARREIRO	****1942*	Mellora	1	2.000,00 €	200,00 €	500,00€	100%	2.700,00 €	2.700,00 €
7	20177/77	NORFOOD DESARROLLO DE NEGOCIOS DE OCIO Y RESTAURACIÓN RAPIDA, SL	B36905651	Mellora	2	(11)	(11)	(11)	(11)	4.400,00 €	4.400,00 €
8	20197/77	SESAMO BAKERY SHOP SL	B27792449	Mellora	1	2.000,00 €	200,00 €	0,00 €	100%	2.200,00 €	2.200,00 €
9	20206/77	AMBITO DE APLICACIÓN SL	B36963874	Mellora	1	2.000,00 €	400,00€	500,00€	100%	2.900,00 €	2.900,00 €
10	20216/77	MARÍA PÉREZ LEIRÓS	****0066*	Mellora	1	2.000,00 €	200,00 €	500,00€	100%	2.700,00 €	2.700,00 €
11	20220/77	CAFETERÍA VIDASEMA SL	B27727726	Mellora	1	2.000,00 €	200,00 €	0,00 €	100%	2.200,00 €	2.200,00 €
12	20228/77	NEOGEO OPERA SL	B27735778	Mellora	2	(12)	(12)	(12)	(12)	4.600,00 €	4.600,00 €
13	20230/77	GARATUXA TENDA	B16811440	Mellora	1	2.000,00 €	400,00€	500,00€	100%	2.900,00 €	2.900,00 €



Concello de Vigo

Ord Prg	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº contratos	Tipo contrato	Incremento colectivo	Incremento dimensión empresa	Xornada laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
		DEGUSTACIÓN SL									
14	20239/77	REC PADEL INDOOR VIGO SL	B27797653	Mellora	2	(13)	(13)	(13)	(13)	4.400,00 €	4.400,00 €
15	20241/77	NEUREM RECUPERACIÓN FUNCIONAL SCP	J27797802	Mellora	1	2.000,00 €	400,00€	500,00€	100%	2.900,00 €	2.900,00 €
16	20254/77	CENTRO DE EDUC. INFANTIL ESME SL	B36851905	Mellora	1	2.000,00 €	200,00 €	0,00 €	100%	2.200,00 €	2.200,00 €
17	20265/77	BURO DESING SL	B36939981	Mellora	1	2.000,00 €	200,00€	500,00€	100%	2.700,00 €	2.455,93 € (*)
TOTAL										44.400,00€	44.355,93 €

(*)Contía que esgota a partida orzamentaria disposta

(11) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIÓNAR Á EMPRESA NORFOOD DESARROLLO DE NEGOCIOS DE OCIO Y RESTAURACIÓN RÁPIDA SL (EXPTE. 20177/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Tipo contrato	Incremento colectivo	Xornada laboral	Axuda Proposta
7	20177/77	NORFOOD DESARROLLO DE NEGOCIOS DE OCIO Y RESTAURACIÓN RAPIDA, SL	B36905651	Mellora	GLMD	2.000,00 €	200,00 €	100%	2.200,00 €
					ESC	2.000,00 €	200,00 €	100%	2.200,00 €
Incremento dimensión empresa							NON	100%	0,00 €
TOTAL PROPOSTO									4.400,00 €

(12) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIÓNAR Á EMPRESA NEOGEO OPERA SL (EXPTE. 20228/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Tipo contrato	Incremento colectivo	Xornada laboral	Axuda Proposta
12	20228/77	NEOGEO OPERA SL	B27735778	Mellora	CLB	2.000,00 €	400,00 €	100%	2.400,00 €
					MGF	2.000,00 €	200,00 €	100%	2.200,00 €
Incremento dimensión empresa							NON	100%	0,00 €
TOTAL PROPOSTO									4.600,00 €

(13) DESGLOSE DA CONTÍA A SUBVENCIÓNAR Á EMPRESA REC PADEL INDOOR VIGO SL (EXPTE. 20239/77) SEGUNDO A TÁBOA:

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Tipo contrato	Incremento colectivo	Xornada laboral	Axuda Proposta
14	20239/77	REC PADEL INDOOR VIGO SL	B27797653	Mellora	AVS	2.000,00 €	200,00 €	100%	2.200,00 €
					ARC	2.000,00 €	200,00 €	100%	2.200,00 €
Incremento dimensión empresa							NON	100%	0,00 €
TOTAL PROPOSTO									4.400,00 €

TERCEIRO: DENEGAR a axuda por falta de dispoñibilidade orzamentaria, conforme ao disposto na base 15ª:

Orde	ord A	ord B	ord C	EXPTE.	SOLICITANTE	NIF	Programa Solicitado
31	28			20149/77	BEATRIZ GONZALEZ RODRIGUEZ	****7349*	A. INDEFINIDOS
32	29			20150/77	CIUDAD DE VIGO SL	B36613347	A. INDEFINIDOS
33	30			20151/77	MARTINEZ Y CASTELO SA	A36620094	A. INDEFINIDOS
36	32			20154/77	IMPULSORA TURÍSTICA ALPAMAN SA	A36682433	A. INDEFINIDOS
39	33			20157/77	SEGURCOM ADMINISTRADORES SL	B27771112	A. INDEFINIDOS

Orde	ord A	ord B	ord C	EXPTE.	SOLICITANTE	NIF	Programa Solicitado
40	34			20159/77	SERVICOM MANTENIMIENTO DE COMUNIDADES SL	B36868289	A. INDEFINIDOS
41	35			20161/77	PELETEIRO INSTALACIONES, S.L.	B27811843	A. INDEFINIDOS
42	36			20163/77	SUSANA ELENA GUTIERREZ FONTAL	***9872*	A. INDEFINIDOS
43	37			20169/77	PESCIRO SLU	B62547534	A. INDEFINIDOS
44	38			20170/77	DESOÑOS SL	B36949923	A. INDEFINIDOS
50	40			20179/77	TINOCARS 2000 SL	B27864677	A. INDEFINIDOS
51	41			20180/77	HERMASA CANNING TECHNOLOGY SA	36078781S	A. INDEFINIDOS
53	42			20183/77	CRISTINA ALONSO ALONSO	***0375*	A. INDEFINIDOS
54	43			20184/77	HERMANOS ALFARO, SL	B36621639	A. INDEFINIDOS
56	44			20186/77	LAGUARDIA & MOREIRA SA	A28080695	A. INDEFINIDOS
60	45			20190/77	CLÍNICA RESIDENCIA EL PINAR SL	B36630440	A. INDEFINIDOS
61	46			20194/77	GRUPO MARSAN SOCIEDAD CARTERA SL	B36780195	A. INDEFINIDOS
62	47			20196/77	MARSAN TRANSFORMACIONES SUPERFICIALES,S.L.U.	B27864578	A. INDEFINIDOS
64	48			20198/77	IOT PARTNERS DIGITAL SOLUTIONS S.L.	B27848134	A. INDEFINIDOS
65	49			20199/77	GRUPO SEMOLA SL	B27788603	A. INDEFINIDOS
66	50			20203/77	RIVERLAND SPORTWEAR SL	B42770065	A. INDEFINIDOS
67	51			20204/77	ROSA MEDELA FERNANDEZ	***2913*	A. INDEFINIDOS
68	52			20205/77	CONSTRUCCIONES MARCELINO BESADA BENÍTEZ, SL	B10629541	A. INDEFINIDOS
70	53			20208/77	CORPORACIÓN DE COMUNICACIONES SL	B36700201	A. INDEFINIDOS
71	54			20209/77	IMPORT YOY COSMETICS, S.L	B27830082	A. INDEFINIDOS
72	55			20210/77	HELLO SHOPS SL	B27829712	A. INDEFINIDOS
73	56			20211/77	CLINICA RESIDENCIA EL PINAR, S.L.	B36630440	A. INDEFINIDOS
74	57			20212/77	TABOAS UTILVIGO, SL	B36708733	A. INDEFINIDOS
76	58			20214/77	CINAREBA SL	B36779775	A. INDEFINIDOS
77	59			20215/77	CENTROVET SOC.COOP.GALEGA	F27858083	A. INDEFINIDOS
79	60			20217/77	SALON SARABIA SL	B36838266	A. INDEFINIDOS
81	61			20219/77	CUPIRE PADESA, S.L.	B32001588	A. INDEFINIDOS
83	62			20221/77	JOSE LUIS CONDE IGLESIAS	***7185*	A. INDEFINIDOS
84	63			20222/77	MARIBEL CAPELO CAPELO	***2487*	A. INDEFINIDOS
85	64			20223/77	OLIVICA SPORT SL	B27788595	A. INDEFINIDOS
86	65			20224/77	WORLDWIDE FISHING COMPANY SL	B49135779	A. INDEFINIDOS
87	66			20225/77	RECAMBIOS OCHOA SL	B36049757	A. INDEFINIDOS
88	67			20227/77	NAVIA 28 CB	E01962729	A. INDEFINIDOS
92	68			20238/77	ELECTROMECAÁNICA CASTRELOS ESPJ	E16675662	A. INDEFINIDOS
93	69			20239/77	REC PADEL INDOOR VIGO SL	B27797653	A. INDEFINIDOS
95	70			20242/77	UZAL INSTALACIONES Y REFORMAS SL	B27719657	A. INDEFINIDOS
96	71			20243/77	UZAL INSTALACIONES Y REFORMAS SL	B27719657	A. INDEFINIDOS
97	72			20244/77	JOSE IGNACIO COUTO ARGUDIN	***3406*	A. INDEFINIDOS
98	73			20247/77	ILULIAQ SL	B27870625	A. INDEFINIDOS
99	74			20248/77	A CASIÑA CB	E36819142	A. INDEFINIDOS
101	75			20250/77	LAURA CARIDE ROCHA	***0801*	A. INDEFINIDOS
102	76			20252/77	AUTOCARES IGLESIAS, SL	B36016749	A. INDEFINIDOS
103	77			20253/77	GRAÑA SAUDE SL	B36926855	A. INDEFINIDOS



Concello de Vigo

Orde	ord A	ord B	ord C	EXPTÉ.	SOLICITANTE	NIF	Programa Solicitado
105	78			20255/77	IBERCONSA SEAFOOD PROCESSING SLU	B27859867	A. INDEFINIDOS
106	79			20256/77	COMERCIAL COSTAS FERNANDEZ SL	B36739233	A. INDEFINIDOS
108	80			20259/77	LOLA Y LIA VIRIATO SL	B01777945	A. INDEFINIDOS
109	81			20260/77	URBARRIO SL	B36894608	A. INDEFINIDOS
110	82			20261/77	ENTREPOT NAVAL SL	B36841450	A. INDEFINIDOS
111	83			20264/77	SUMINISTROS INDUSTRIALES DEL AUTOMÓVIL SA	A36629020	A. INDEFINIDOS
113	84			20266/77	OPTARE SOLUTIONS S.L.	B36898104	A. INDEFINIDOS
114	85			20267/77	CLÍNICA DENTAL RIOSDENT SL	B36880979	A. INDEFINIDOS
115	86			20268/77	JJ SANCHEZ SERVICIOS DE LIMPIEZA SL	B27823434	A. INDEFINIDOS
116	87			20269/77	AVIATION HANDLING SUPPLY SLU	B27823624	A. INDEFINIDOS
117	88			20270/77	SERVICIOS VARIOS Y LEGISLACION PARA PYMS FOREM S.L.	B27878941	A. INDEFINIDOS
118	89		18	20272/7	STELLANTIS ESPAÑA SL	B50629187	A.INDEFINIDOS C. MELLORA
119			19	20273/77	BEGOÑA IGLESIAS ABALDE	****3337*	C. MELLORA
120	90			20274/77	KABUTO MOBIL SL	B27873454	A. INDEFINIDOS
121	91			20275/77	MOTOEXPRESS NEUMÁTICOS SL	B27757889	A. INDEFINIDOS

CUARTO: DENEGAR a axuda por non cumprir os requisitos, ás solicitudes seguintes:

Orde recep	Ord Prg	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Motivo Denegación
17	1	20126/77	BLAZQUEZ ASTORGA SLP	B27767342	C. MELLORA	Incumpre a Base 7ª: solicita a axuda para o mesmo traballador no P. Indefinidos.
23	21	20132/77	CALL CENTER MENDOZA SL	B72399413	A.INDEFINIDOS	Incumpre a Base 4ª. apartado a.1: a persoa traballadora pola que se solicita a axuda non está empadroada en Vigo
30	27	20148/77	MARIA DEL CARMEN ALONSO ESTEVEZ	****6993*	A.INDEFINIDOS	Incumpre a Base 4ª. apartado a.1: a xornada do contrato indefinido é inferior á do contrato do que deriva.
34	31	20152/77	HERMANITAS DE LOS ANCIANOS DESAMPARADOS VIGO	R3600099J	A.INDEFINIDOS	Incumpre a Base 2ª: a solicitante é unha entidade sen ánimo de lucro
100	16	20249/77	GESTIÓN EMPRESARIAL DEL NORTE SL	B01714633	B. CONTRATAC	Incumpre a Base 3ª. Apartado 3.6: certificado negativo no cumprimento das súas obrigas co Concello de Vigo

QUINTO: ACEPTAR o desestimento, ao abeiro do disposto na base 8ª, apartados 8.1. Instrución e tramitación das axudas e declarar concluído o procedemento correspondente de conformidade aos artigos 84 e seguintes da LPAC, das solicitudes seguintes:

Orde recep	Ord Prg	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Código Desestimento (*)
49	39	20178/77	RECREATIVOS PORTAS SL	B36646149	A. INDEFINIDOS	DES
45	5	20171/77	GEOGAMA ATLANTICA SRL	B72926439	B. CONTRATACIÓN	DES
52	6	20181/77	DISBEGAL SA DISTRIB BEB GALLEGAS	A36776250	B. CONTRATACIÓN	DOC
57	8	20187/77	S4 SOLUCIONES ASEGURADORAS SL	B36864049	B. CONTRATACIÓN	DES
58	9	20188/77	GALLEGA DE ELECTRICIDAD VIGO SL	B36777647	B. CONTRATACIÓN	DOC
59	10	20189/77	COUNTING BELUS SL	B27843481	B. CONTRATACIÓN	DES
70	11	20208/77	CORPORACIÓN DE COMUNICACIONES SL	B36700201	B. CONTRATACIÓN	DOC

Orde recep	Ord Prg	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Código Desestimento (*)
72	12	20210/77	HELLO SHOPS SL	B27829712	B. CONTRATACIÓN	DES
75	13	20213/77	CENTRO DE INICIATIVAS FISCALES VIGO, SLU	B10628816	B. CONTRATACIÓN	DES
118	18	20272/7	STELLANTIS ESPAÑA SL	B50629187	B. CONTRATACIÓN	DES
47	6	20176/77	LUENGOS ANDRE SL	B27788272	C. MELLORA	DES

(*) CÓDIGOS DE DESESTIMENTO DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2023

COD.	CONCEPTO	BASE	APTDO.
DOC	Non atender ao requirimento de emenda da solicitude en prazo	4ª	a.3.2, b.3.2, c.3.2
DES	A empresa desiste da solicitude presentada	8ª	8.1

SEXTO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG, art. 40 e 41 da Lei 39/2015 da LPAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

SÉTIMO: Informar, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 141.1 c) da Lei 40/2015, de LRXSP, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(830).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO NO 160 E ARAGÓN NO 209”. EXPTE. 1184/441.

Visto o informe xurídico do 22/09/2023 e o informe de fiscalización de data 26/09/2023, dáse conta do informe-proposta do 06/09/2023, asinado pola técnica de Xestión-xefa do Servizo de Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe da Área de Investimentos e conformado pola técnica de Admón. Xeral-xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (delegación 25/08/2023) e polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

Respecto do expediente de contratación e de execución das obras:



Concello de Vigo

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28 de xaneiro de 2022, acordou aprobar o proxecto de “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº160 E ARAGÓN Nº209 NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS VINTE E UN MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (721.189,69 €) de data xullo de 2021 e sinatura dixital de data 22.12.21 . Expte. 5135-443.

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 9 de xuño de 2022, acordou aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº160 E ARAGÓN Nº209 NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, e aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de maio de 2022.

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 29 de setembro de 2022, acordou adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº160 e Aragón nº209 no Concello de Vigo” (1184-441) por un prezo total do contrato de 720.180,03 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 124.989,92 euros.

4.- En data 13 de outubro de 2022 formalízase o contrato das obras de “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº160 E ARAGÓN Nº209 NO CONCELLO DE VIGO”, entre o Concello de Vigo e a empresa CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157).

5.- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 30 de setembro de 2022 (en virtude das delegacións do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e de data 24 de xuño de 2021), previo informe proposta do servizo xestor, acordou aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra de “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº160 E ARAGÓN Nº209 NO CONCELLO DE VIGO” EXPTE. 1184/441 á Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos,

Dna. FÁTIMA MARTÍNEZ GIRÁLDEZ e o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. MANUEL EIRAS SILVA, (Tte. 6 do expediente da execución da obra 5735-443).

6.- En data 11 de novembro de 2022, debido á falta de cumprimentación de diversos trámites de carácter administrativo necesarios asínase acta de comprobación do replanteo negativa. Posteriormente, en data 16 de decembro de 2022, asínase a acta de comprobación de replanteo positiva, dando comezo as obras ao día seguinte (Ttes. 11 e 27 do expediente da execución da obra 5735-443).

7.- En data 28 de decembro de 2022, asínase Acta de Suspensión Temporal das obras debido á necesidade de caracterización do terreo e definición da capacidade portante do mesmo a través das sondaxes e catas realizadas no terreo nos puntos onde é necesaria a escavación para a construción do ascensor. Posteriormente con data 27 de marzo de 2023, asínase Acta de Comunicación da Finalización da Suspensión Temporal das obras, procedendo ao reinicio das obras unha vez superada a causa da suspensión temporal. (Ttes. 29 e 30 do Expte. 5735-443)

8.- A petición do contratista e previo informe proposta do servizo xestor, con data 4 de setembro de 2023 o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos acordou autorizar a ampliación de prazo de execución das obras do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº160 E ARAGÓN Nº209 NO CONCELLO DE VIGO", adxudicadas por acordo da XGL de data 29 de setembro de 2022, á mercantil CIVIS GLOBAL, S.L.U por un período adicional de 2 meses. (Tte. 42 Expte. 5735-443)

Respecto do financiamento do expediente de contratación das obras:

9.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2022, adoptou o acordo da participación do Concello de Vigo na convocatoria correspondente ó exercicio 2022 do programa de axudas regulado pola *"Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e*



Concello de Vigo

apróbase e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021” Expte. 1383/441, aceptando de forma expresa o procedemento regulado por esta Orde Ministerial.

Dita participación recolle dentro das actuacións de tipo 6 unha denominada “VIGO VERTICAL OBRAS DE IMPLANTACIÓN DE ELEMENTOS DE MOVILIDAD VERTICAL EN EI CORREDOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Y RÚA ARAGÓN” á que se vinculan dous expedientes:

- “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209 NO CONCELLO DE VIGO” expte. 1184/441; Importe (IVE incluído): 721.189,69 €; Subvención solicitada: 536.422,08 €; Importe a financiar polo Concello: 184.767,61 €.
- “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O N.º 178 NO CONCELLO DE VIGO” expte. 1326/441; Importe (IVE incluído): 879.382,35 €; Subvención solicitada: 654.086,05 €; Importe a financiar polo Concello: 225.296,30 €.

De xeito que para o total da devandita actuación obtense un Importe total (IVE incluído): 1.600.572,04 €; Subvención total solicitada: 1.190.508,13 €; Importe total a financiar polo Concello: 410.063,91 €.

10.- Con data 18 de abril de 2023, a Secretaría Xeral de Transportes e Mobilidade resolve provisionalmente a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás Entidades Locais reflectidas no Anexo I LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, no que se determina a achega asignada a cada proxecto.

No Anexo I LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, figura o Concello de Vigo – Código de Solicitud ZBEMRR/22/00151. Código e título da actuación: P06_L2-20220927-5 “Vigo Vertical - Mejora accesibilidad peatonal corredor Travesía de Vigo calle Aragón”, cun importe da axuda de 1.190.508,13 € .

11.- En data 17 de xullo de 2023 o Secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana asina a resolución definitiva pola que se resolve a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, da segunda convocatoria do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a

transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (C1.I.1). (Tte. 220 Expte. 1184-441),

No seu Anexo I, para cada solicitude beneficiaria indícanse, entre outros datos, as actuacións aprobadas, o importe solicitado e a axuda concedida, téndose no caso do Concello de Vigo o seguinte:

- Código e título da actuación: P06_L2-20220927-5 “Vigo Vertical - Mejora accesibilidad peatonal corredor Travesía de Vigo calle Aragón” Importe Solicitado: 1.190.508,13 €. Axuda Concedida: 1.190.508,13 €.

Asemade declárase, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos, que tódalas actuacións levadas a cabo no marco de dita convocatoria implican que o beneficiario asumirá as obrigas e responsabilidades regulados nas Bases Reguladoras e na propia Convocatoria, onde se identifica, entre outras, a seguinte normativa:

- Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e apróbase e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa ó análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



Concello de Vigo

Todas elas configuran o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e establecen o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan.

Igualmente existe a obriga de cumprir a normativa reguladora das subvencións e, especificamente, de respectar o principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) e cumprir coas condicións da etiquetaxe climática e dixital previstas polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR); así como o resto da normativa que os desenvolva e que se estableza no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Á vista destes antecedentes o Concello de Vigo como entidade beneficiaria e executora de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, financiados pola Unión Europea – NextGenerationEU, debe proceder a establecer os procesos necesarios para garantir unha correcta planificación, execución e seguimento dos proxectos, e cumprir coas obrigas derivadas da condición de “beneficiario” de proxectos financiados con fondos do PRTR.

A Orde HFP/1030/2021, no artigo 2, establece como principios de xestión específicos do PRTR de obrigada consideración na planificación e execución os seguintes:

- a) A determinación de “fitos” e “obxectivos” como criterios de planificación, seguimento e acreditación do resultado dos proxectos.
- b) Etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, como unha obriga para a identificación dos recursos destinados a obrigada transición ecolóxica e dixital.
- c) Análise de riscos en relación aos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), seguimento e verificación dos resultados da avaliación inicial.

- d) Fortalecemento dos mecanismos de prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.
- e) Compatibilidade do réxime de axudas estatais e prevención do dobre financiamento.
- f) Identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista.
- g) Comunicación.

Asemade, por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de data 17 de febreiro de 2022, estableceuse un PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE, que determinará as directrices de xestión e coordinación co obxectivo de acadar sinerxías entre os distintos servizos municipais, favorecendo a conformación de equipos multisicplinares entre os diversos técnicos municipais, co obxectivo de impulsar a execución dos proxectos vinculados as distintas convocatorias do PRTR.

De acordo co proceso desenvolto polo Concello de Vigo para a preparación da súa organización en relación ás obrigas como entidade xestora de proxectos cofinanciados co PRTR, financiados pola Unión Europea – NextGenerationEU, e de acordo co recollido no PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION, atópanse aprobados os seguintes expedientes vinculados á execución deste programa:

- Por Resolución do Concelleiro delegado da Área de Fomento, na súa condición de responsable do desenvolvemento operativo do PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE, con data 09 de marzo de 2022, apróbase o MANUAL DE PROCEDIMENTOS - XESTIÓN PROXECTOS CON FINANCIAMENTO DE



Concello de Vigo

FONDOS DO PRTR - NEXT GENERACIÓN EU.

(enlace:

https://hoxe.vigo.org/pdf/eu/prtr/DOC_02_gallego.pdf)

- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo de 2022, procedeuse a aprobar o PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, que se corresponde co acordo da sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU. (enlace: https://hoxe.vigo.org/pdf/eu/prtr/DOC_03_gallego.pdf)

12.- En base as obrigas descritas e tendo en conta que o presente expediente foi licitado, adjudicado e formalizado con anterioridade a resolución desta convocatoria, con data 10 e 11 de agosto de 2023 a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do contrato das obras de “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº160 E ARAGÓN Nº209 NO CONCELLO DE VIGO”.

Por todo o anteriormente exposto, o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, previo informe do servizo xestor, en data 17 de agosto de 2023 resolveu aprobar o inicio do expediente de modificación do contrato das obras de “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº160 E ARAGÓN Nº209 NO CONCELLO DE VIGO” Expte. 1184/441.

13.- En data 23 de agosto de 2023, pola dirección facultativa de obra, e coa conformidade do Xefe de Área de Investimentos, emítense informe que consta no expediente, solicitando a modificación do contrato de obra de “ IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209 NO CONCELLO DE VIGO”, no seguinte senso:

“(…)

II. PROPOSTA DA MODIFICACIÓN

Á vista da resolución definitiva e tendo en conta que dito proxecto está financiado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-NextGenerationEU, á tramitación deste expediente resultaranlle de aplicación ademais das normas xerais de contratación pública, o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro e cantas normas de desenvolvemento se aproben.

Asemade, o Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas, de ser o caso, garantirán o respecto ao principio de "non causar prexuízo significativo ó medioambiente" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento de axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar prexuízo significativo", así como o exixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e ás condicións da etiquetaxe climática e dixital.

Polo que atendendo aos antecedentes descritos, así como aos condicionantes para a execución do devandito proxecto, subvencionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, propónse modificar o contrato de obras do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209 NO CONCELLO DE VIGO" (1184-441), adxudicado a CIVIS GLOBAL, S.L.U., (B-36.684.157), en base aos seguintes condicionantes:

1.- Incluir como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas ó financiamento con Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, e máis concretamente en relación á convocatoria do Programa de axudas a municipios para a



Concello de Vigo

implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*
- Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.*
- Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais. Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da "Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia" (2021/C 58/01) e da "Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente", publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*

- *Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- *Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.*
- *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.*
- *Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

2.- Obrigas para o responsable do contrato: *En relación á condición de ser un contrato financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, entre as competencias do responsable do contrato deben incluírse:*

- *Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros*



Concello de Vigo

faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

- *Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

3.- Modificar o financiamento do contrato: *En relación á condición de contrato cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU, figurando no devandito Plan na Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas” na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.*

4.- Modificar a denominación do contrato: *Segundo o establecido no artigo 9.3.b da Orde HFP/1030/2021, todas as convocatorias, licitacións, convenios e resto de instrumentos*

xurídicos que se desenvolvan no ámbito do PRTR, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo a seguinte referencia «Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia - Financiado por la Unión Europea – NextGenerationEU», de xeito que o título deberá ser: “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº160 E ARAGÓN Nº209 NO CONCELLO DE VIGO no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU ”

III.- XUSTIFICACIÓN TÉCNICA DA MODIFICACIÓN

En relación ao alcance da proposta de modificación exposta, o PCAP que rexe a contratación das obras recolle no seu Anexo I Folla de Especificacións do Contrato (FEC), Punto 6 a posibilidade de modificación do contrato, indicando no seu Apartado C) “Circunstancias que determinan a modificación”, a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, estado das estruturas e contencións, ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.*
- Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, ou usos e seguridade no funcionamento da instalacións sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*

Á vista das circunstancias expostas debese indicar que aínda que o PCAP regula a posibilidade de modificación do contrato, a proposta que se xustifica no presente informe non pode considerarse como unha causa incluída no PCAP polas seguintes condicionantes:

O obxecto deste modificado, atopase relacionado cunha situación extraordinaria, derivada da concesión de axuda por importe de 1.190.508,13 euros - dos cales correspóndelle a esta actuación un importe de 536.422,08 € - outorgada polo Ministerio de Transportes,



Concello de Vigo

Mobilidade e Axenda Urbana ao Concello de Vigo segundo a Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa resolución definitiva de data 17 de xullo do 2023, foi posterior á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e da licitación do procedemento aberto da obra para a contratación das obras do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº160 E ARAGÓN Nº209 NO CONCELLO DE VIGO" (1184-441).

Por outra banda, a proposta desta modificación, en relación ás obrigas instrumentais a cargo do contratista e os seus subcontratistas e do responsable do contrato, derívase da execución de unha actuación financiada no marco dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-NextGenerationEU, e polo tanto, ademais das normas xerais de contratación pública seranlle de aplicación o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que deben facilitar as Entidades do Estado, Comunidade Autónoma e Sector Público Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contabilización das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e cantas normas de desenvolvemento se aproben.

Así mesmo, regularase polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Parlamento Europeo Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o resto da normativa que a desenvolve. En particular, as medidas previstas no citado Regulamento teñen por obxecto evitar o dobre financiamento (artigo 9); medidas contra a fraude, a corrupción e conflito de intereses [artigo

22.2.b)]; as medidas para o rexistro dos datos do beneficiarios nunha única base de datos [artigo 22.2.d)]; sometemento aos controis de organizacións europeas [artigo 22.2.e)]; a obriga de preservar a documentación [artigo 22.2.f)] e as normas de comunicación e publicidade, de conformidade co disposto no artigo 34.

Asemade, Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontractadas, de ser o caso, garantirán o respecto ao principio de "non causar prexuízo significativo ó medioambiente" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento de axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar prexuízo significativo", así como o esixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.

Estas obrigas non supoñen a realización de novas prestacións nin implican custe, e refírense unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.

Polo que a modificación proposta ten o seu encaixe no art.205.2b) da LCSP que recolle a posibilidade de modificacións non previstas no PCAP cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.



Concello de Vigo

3. *Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.*

*Por todo o exposto solicítase a modificación do **CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209 NO CONCELLO DE VIGO (1184-441)** en base aos seguintes condicionantes:*

1.- Incluir no apartado 7.B da FEC como “outros dereitos e/ou obrigas do adxudicatario” para as actuacións vinculadas ó financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - NextGenerationEU, en relación ao Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do PRTR, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- *Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*
- *Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondo.*

- *Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- *Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais. Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da “Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (2021/C 58/01) e da “Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente”, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*
- *Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- *Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.*
- *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.*



Concello de Vigo

- *Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.*
- *Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

2.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:

- *Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*
- *Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en*

cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

3.- Modificar o apartado 3.J das FEC en relación ao financiamento do contrato incluíndo o seguinte:

O presente proxecto atópase cofinanciado con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas”, na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.

4.- Modificar a denominación do contrato engadindo á denominación do proxecto de obras a cofinanciación no marco do PRTR, quedando do seguinte xeito: *“Implantación de ascensor entre travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209 no Concello de Vigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”.*

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os



Concello de Vigo

contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figuran as seguintes (art.205.2.b) da LCSP):

- Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
 - 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
 - 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
 - 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

IV.- Neste caso que nos ocupa, a proposta de modificación do contrato ten encaixe no apartado 2.b do artigo 205: “Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato”. Concorren neste caso as tres condicións esixidas legalmente:

1. A necesidade da modificación derívase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever. O obxecto deste modificado, atopase relacionado cunha situación extraordinaria, derivada da concesión directa, ao Concello de Vigo, dunha subvención para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, transformación e resiliencia, cuxa resolución definitiva de data 17 de xullo do 2023, foi moi posterior á aprobación do expediente de contratación e posterior mesmo á adxudicación do contrato das obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209 NO CONCELLO DE VIGO”.
2. A modificación non altera a natureza global do contrato dado que a modificación unicamente consiste en engadir obrigas instrumentais tanto a cargo do contratista e os seus subcontratistas como do responsable do contrato en cumprimento da normativa que rexe as actuacións derivadas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



Concello de Vigo

3. A modificación do contrato implica unha alteración na súa contía que non excede, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído. Neste caso concreto a modificación proposta non implica alteración da súa contía xa que refírese unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.

V.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20% do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

VI.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 205 e 206 da LCSP).

VII.- Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso,

recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

VIII.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducidos nos antecedentes da presente proposta, xustificativos da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 205 e 206 da LCSP.

2º.- Consta autorización do Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 17 de agosto de 2023, en virtude do Decreto de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros de Área de Goberno de data 22 de xuño de 2023; órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia do redactor do proxecto, o cal manifesta en data 28 de agosto de 2023, a súa conformidade coa proposta de modificación de "PROXECTO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº209 NO CONCELLO DE VIGO" (Expediente 1184-441)." (Ttes. 223, 230, e 231 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación do contrato e a conformidade deste, en data 25.08.2023. (Ttes. 222, 226 e 229 do expediente dixital).

5º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP) xa que a modificación do contrato non conleva variacións do proxecto nin do prezo.



Concello de Vigo

6º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta o previsto no artigo 205 da LCSP.

7º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

8º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Non procede reaxustar a garantía definitiva ao non producirse variación no prezo do contrato (artigo 109.3 d LCSP).
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

IX.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Modificar o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “**IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209 NO CONCELLO DE VIGO**”. A modificación consiste en:

- 1.- Incluir no apartado 7.B da FEC como “outros dereitos e/ou obrigas do adxudicatario”** para as actuacións vinculadas ó financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - NextGenerationEU, en relación ao Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do PRTR, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflicto de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.
- Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.
- Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais. Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da “Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (2021/C 58/01) e da “Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente”, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do



Concello de Vigo

beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.

- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.
- Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.
- Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.
- Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.
- Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:

- Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de

etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

- Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

3.- Modificar o apartado 3.J das FEC en relación ao financiamento do contrato incluíndo o seguinte:

O presente proxecto atópase cofinanciado con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas”, na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.

4.- Modificar a denominación do contrato engadindo á denominación do proxecto de obras a cofinanciación no marco do PRTR, quedando do seguinte xeito: “Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº160 e Aragón nº209 no Concello de Vigo no



Concello de Vigo

marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU ”.

SEGUNDO.- Instar á mercantil CIVIS GLOBAL, S.L.U., (B-36.684.157) adxudicatária do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP.

TERCEIRO.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(831).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO DE “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1326/441.

Visto o informe xurídico do 22/09/2023 e o informe de fiscalización de data 29/09/2023, dáse conta do informe-proposta do 08/09/2023, asinado pola técnica de Xestión-xefa do Servizo de Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe da Área de Investimentos e conformado pola técnica de Admón. Xeral-xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (delegación 25/08/2023) e polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

Respecto do expediente de contratación e de execución das obras:

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de xuño de 2022, acordou aprobar o proxecto de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Don Roberto Núñez de Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SETENTA E NOVE MIL TRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (879.382,35 €) e sinatura dixital de data 19.06.2022 (Expte. 5359-443).

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27 de outubro de 2022, acordou aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Dna. Roberto Núñez de Arenas Basteiro e aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 6 de outubro de 2022.

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 23 de febreiro do 2023, acordou adxudicar a **XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584)** o procedemento aberto para a contratación das obras de “**Implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o no 209 e o no 178 no Concello de Vigo**” por un prezo total do contrato de 870.588,53 euros.

4.- En data 3 de marzo de 2023 formalízase o contrato das obras de “**IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO**”, entre o Concello de Vigo e a empresa **XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.**

5.- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos en data 13 de marzo de 2023, previo informe proposta do servizo xestor, acordou aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra de “**IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO**”. 1326/441 ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Manuel Eiras Silva e ao Enxeñeiro Técnico en Topografía Pablo Saavedra Salgueiro (Tte. 7 do expediente de execución da obra 5943-443).

6.- En data 31 de marzo de 2023, debido á falta de cumprimentación de diversos trámites de carácter administrativo necesarios asíñase acta de comprobación do replanteo negativa. Posteriormente, en data 14 de abril de 2023, asíñase a acta de comprobación de replanteo



Concello de Vigo

positiva, dando comezo as obras ao día seguinte (Ttes. 16 e 23 do expediente de execución da obra 5943-443).

Respecto do financiamento do expediente de contratación das obras:

7.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2022, adoptou o acordo da participación do Concello de Vigo na convocatoria correspondente ó exercicio 2022 do programa de axudas regulado pola *“Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e apróbase e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021”* Expte. 1383/441, aceptando de forma expresa o procedemento regulado por esta Orde Ministerial.

Dita participación recolle dentro das actuacións de tipo 6 unha denominada *“VIGO VERTICAL OBRAS DE IMPLANTACIÓN DE ELEMENTOS DE MOVILIDAD VERTICAL EN EI CORREDOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Y RÚA ARAGÓN”* a cal se vinculan dous expedientes:

- *“IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209 NO CONCELLO DE VIGO”* (Expte. 1184/441): Importe (IVE incluído): 721.189,69 €; Subvención solicitada: 536.422,08 € ;Importe a financiar polo Concello: 184.767,61 €.
- *“IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O N.º 178 NO CONCELLO DE VIGO”* (Expte. 1326/441): Importe (IVE incluído): 879.382,35 €; Subvención solicitada: 654.086,05 €; Importe a financiar polo Concello: 225.296,30 €

De xeito que para o total da devandita actuación tense Importe total (IVE incluído): 1.600.572,04 €; Subvención total solicitada: 1.190.508,13 € ;Importe total a financiar polo Concello: 410.063,91 €.

8.- Con data 18 de abril de 2023, a Secretaría Xeral de Transportes e Mobilidade resolve provisionalmente a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás Entidades Locais reflectidas no Anexo I LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, no que se determina a achega asignada a cada proxecto.

No Anexo I LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, figura o Concello de Vigo – Código de Solicitud ZBEMRR/22/00151. Código e título da actuación: P06_L2-20220927-5 “Vigo Vertical - Mejora accesibilidad peatonal corredor Travesía de Vigo calle Aragón”, cun importe total da axuda de 1.190.508,13 € .

9.- En data 17 de xullo de 2023 o Secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana asina a resolución definitiva pola que se resolve a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, da segunda convocatoria do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (C1.I.1). (Tte. 251 Expte 1326-441).

No seu Anexo I, para cada solicitude beneficiaria indícanse, entre outros datos, as actuacións aprobadas, o importe solicitado e a axuda concedida, téndose no caso do Concello de Vigo o seguinte:

- Código e título da actuación: P06_L2-20220927-5 “Vigo Vertical - Mejora accesibilidad peatonal corredor Travesía de Vigo calle Aragón” Importe Solicitado: 1.190.508,13 €. Axuda Concedida: 1.190.508,13 €.

Asemade declárase, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos, que tódalas actuacións levadas a cabo no marco de dita convocatoria implican que o beneficiario asumirá as obrigas e responsabilidades regulados nas Bases Reguladoras e na propia Convocatoria, onde se identifica, entre outras, a seguinte normativa:

- Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan



Concello de Vigo

de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e apróbase e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021.

- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa ó análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Todas elas configuran o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e establecen o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan.

Igualmente existe a obrigaón de cumprir a normativa reguladora das subvencións e, especificamente, de respectar o principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) e cumprir coas condicións da etiquetaxe climática e dixital previstas polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR); así como o resto da normativa que os desenvolva e que se estableza no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Á vista destes antecedentes o Concello de Vigo como entidade beneficiaria e executora de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, financiados pola Unión Europea – NextGenerationEU, debe proceder a establecer os procesos necesarios para garantir unha

correcta planificación, execución e seguimento dos proxectos, e cumprir coas obrigas derivadas da condición de “beneficiario” de proxectos financiados con fondos do PRTR.

A Orde HFP/1030/2021, no artigo 2, establece como principios de xestión específicos do PRTR de obrigada consideración na planificación e execución os seguintes:

- a) A determinación de “fitos” e “obxectivos” como criterios de planificación, seguimento e acreditación do resultado dos proxectos.
- b) Etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, como unha obriga para a identificación dos recursos destinados a obrigada transición ecolóxica e dixital.
- c) Análise de riscos en relación aos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), seguimento e verificación dos resultados da avaliación inicial.
- d) Fortalecemento dos mecanismos de prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.
- e) Compatibilidade do réxime de axudas estatais e prevención do dobre financiamento.
- f) Identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista.
- g) Comunicación.

Asemade, por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de data 17 de febreiro de 2022, estableceuse un PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE, que determinará as directrices de xestión e coordinación co obxectivo de acadar sinerxías entre os distintos servizos municipais, favorecendo a conformación de equipos multisicplinares entre os diversos técnicos municipais, co obxectivo de impulsar a execución dos proxectos vinculados as distintas convocatorias do PRTR.



Concello de Vigo

De acordo co proceso desenvolto polo Concello de Vigo para a preparación da súa organización en relación ás obrigas como entidade xestora de proxectos cofinanciados co PRTR, financiados pola Unión Europea – NextGenerationEU, e de acordo co recollido no PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION, atópanse aprobados os seguintes expedientes vinculados á execución deste programa:

- Por Resolución do Concelleiro delegado da Área de Fomento, na súa condición de responsable do desenvolvemento operativo do PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE, con data 09 de marzo de 2022, apróbase o MANUAL DE PROCEDIMENTOS - XESTIÓN PROXECTOS CON FINANCIAMENTO DE FONDOS DO PRTR - NEXT GENERACIÓN EU. (Enlace: https://hoxe.vigo.org/pdf/eu/prtr/DOC_02_gallego.pdf)
- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo de 2022, procedeuse a aprobar o PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, que se corresponde co acordo da sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU. (enlace: https://hoxe.vigo.org/pdf/eu/prtr/DOC_03_gallego.pdf)

10.- En base as obrigas descritas e tendo en conta que o presente expediente foi licitado, adxudicado e formalizado con anterioridade a resolución desta convocatoria, con data 9 de agosto de 2023 a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do contrato das obras de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO”.

En base ao anteriormente exposto, o Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, previo informe do servizo xestor, en data 11 de agosto de 2023 resolveu aprobar o inicio do expediente de modificación do contrato das obras de

“IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO” Expte. 1326/441.

11.- En data 22 de agosto de 2023, pola dirección facultativa da obra, e coa conformidade do Xefe da Área de Investimentos, emítase informe que consta no expediente, solicitando a modificación do contrato de obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO”, no seguinte senso:

“(…)

II. PROPOSTA DA MODIFICACIÓN

Á vista da resolución definitiva e tendo en conta que dito proxecto está financiado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-NextGenerationEU, á tramitación deste expediente resultaranlle de aplicación ademais das normas xerais de contratación pública, o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro e cantas normas de desenvolvemento se aproben.

Asemade, o Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas, de ser o caso, garantirán o respecto ao principio de "non causar prexuízo significativo ó medioambiente" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento de axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar prexuízo significativo", así como o exixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e ás condicións da etiquetaxe climática e dixital.



Concello de Vigo

Polo que atendendo aos antecedentes descritos, así como aos condicionantes para a execución do devandito proxecto, subvencionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, propónse modificar o contrato de obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO” (1326-441), adxudicado a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), en base aos seguintes condicionantes:

1.- Incluir como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas ó financiamento con Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, e máis concretamente en relación á convocatoria do Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- *Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*
- *Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.*
- *Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- *Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade*

co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais. Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da “Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (2021/C 58/01) e da “Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente”, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

- Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.
- Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.
- Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.
- Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.
- Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.



Concello de Vigo

- *Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

2.- Obrigas para o responsable do contrato: *En relación á condición de ser un contrato financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, entre as competencias do responsable do contrato deben incluírse:*

- *Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*
- *Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

3.- Modificar o financiamento do contrato: En relación á condición de contrato cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU, figurando no devandito Plan na Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas” na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.

4.- Modificar a denominación do contrato: Segundo o establecido no artigo 9.3.b da Orde HFP/1030/2021, todas as convocatorias, licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos que se desenvolvan no ámbito do PRTR, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo a seguinte referencia «Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia - Financiado por la Unión Europea – NextGenerationEU», de xeito que o título deberá ser: “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O N° 209 E O N° 178 NO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU”

III.- XUSTIFICACIÓN TÉCNICA DA MODIFICACIÓN

En relación ao alcance da proposta de modificación exposta, o PCAP que rexe a contratación das obras recolle no seu Anexo I Folla de Especificacións do Contrato (FEC), Punto 6 a posibilidade de modificación do contrato, indicando no seu Apartado C) “Circunstancias que determinan a modificación”, a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, estado das estruturas e contencións, ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.



Concello de Vigo

- *Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, ou usos e seguridade no funcionamento da instalacións sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*

Á vista das circunstancias expostas debese indicar que aínda que o PCAP regula a posibilidade de modificación do contrato, a proposta que se xustifica no presente informe non pode considerarse como unha causa incluída no PCAP polas seguintes condicionantes:

O obxecto deste modificado, atopase relacionado cunha situación extraordinaria, derivada da concesión de axuda por importe de 1.190.508,13 euros - dos cales correspóndelle a esta actuación un importe de 654.086,05 €- outorgada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao Concello de Vigo segundo a Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa resolución definitiva de data 17 de xullo do 2023, foi posterior á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e da licitación do procedemento aberto da obra para a contratación das obras do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO" (1326-441).

Por outra banda, a proposta desta modificación, en relación ás obrigas instrumentais a cargo do contratista e os seus subcontratistas e do responsable do contrato, dérivase da execución de unha actuación financiada no marco dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-NextGenerationEU, e polo tanto, ademais das normas xerais de contratación pública seranlle de aplicación o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que deben facilitar as

Entidades do Estado, Comunidade Autónoma e Sector Público Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contabilización das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e cantas normas de desenvolvemento se aproben.

Así mesmo, regularase polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Parlamento Europeo Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o resto da normativa que a desenvolve. En particular, as medidas previstas no citado Regulamento teñen por obxecto evitar o dobre financiamento (artigo 9); medidas contra a fraude, a corrupción e conflito de intereses [artigo 22.2.b)]; as medidas para o rexistro dos datos do beneficiarios nunha única base de datos [artigo 22.2.d)]; sometemento aos controis de organizacións europeas [artigo 22.2.e)]; a obriga de preservar a documentación [artigo 22.2.f)] e as normas de comunicación e publicidade, de conformidade co disposto no artigo 34.

Asemade, Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontractadas, de ser o caso, garantirán o respecto ao principio de "non causar prexuízo significativo ó medioambiente" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento de axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar prexuízo significativo", así como o esixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.

Estas obrigas non supoñen a realización de novas prestacións nin implican custe, e refírense unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.



Concello de Vigo

Polo que a modificación proposta ten o seu encaixe no art.205.2b) da LCSP que recolle a posibilidade de modificacións non previstas no PCAP cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

- 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.*
- 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.*
- 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.*

*Por todo o exposto solicítase a modificación do **CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO (1326-441)** en base aos seguintes condicionantes:*

1.- Incluir no apartado 7.B da FEC como “outros dereitos e/ou obrigas do adxudicatario” para as actuacións vinculadas ó financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - NextGenerationEU, en relación ao Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do PRTR, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*

- *Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*
- *Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondo.*
- *Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- *Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais. Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da “Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (2021/C 58/01) e da “Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente”, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*



Concello de Vigo

- *Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- *Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.*
- *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.*
- *Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

2.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:

- *Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*
- *Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

3.- Modificar o apartado 3.J das FEC en relación ao financiamento do contrato incluíndo o seguinte:

O presente proxecto atópase cofinanciado con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas”, na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o



Concello de Vigo

campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.

4.- Modificar a denominación do contrato engadindo á denominación do proxecto de obras a cofinanciación no marco do PRTR, quedando do seguinte xeito: *“Implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o N° 209 e o N°178 no Concello de Vigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”.*

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a

licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figuran as seguintes (art.205.2.b) da LCSP):

- Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
 - 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
 - 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
 - 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

IV.- Neste caso que nos ocupa, a proposta de modificación do contrato ten encaixe no apartado 2.b do artigo 205: “Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato”. Concorren neste caso as tres condicións esixidas legalmente:



Concello de Vigo

1. A necesidade da modificación derívase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever. O obxecto deste modificado, atopase relacionado cunha situación extraordinaria, derivada da concesión directa, ao Concello de Vigo, dunha subvención para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, transformación e resiliencia, cuxa resolución definitiva de data 17 de xullo do 2023, foi moi posterior á aprobación do expediente de contratación e posterior mesmo á adxudicación do contrato das obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO”.
2. A modificación non altera a natureza global do contrato dado que a modificación unicamente consiste en engadir obrigas instrumentais tanto a cargo do contratista e os seus subcontratistas como do responsable do contrato en cumprimento da normativa que rexe as actuacións derivadas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
3. A modificación do contrato implica unha alteración na súa contía que non excede, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído. Neste caso concreto a modificación proposta non implica alteración da súa contía xa que refírense unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.

V.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun

contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).

2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20% do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

VI.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 205 e 206 da LCSP).

VII.- Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

VIII.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducidos nos antecedentes da presente proposta, xustificativos da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 205 e 206 da LCSP.



Concello de Vigo

2º.- Consta autorización do Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 11 de agosto de 2023, en virtude do Decreto de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros de Área de Goberno de data 22 de xuño de 2023; órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia do redactor do proxecto, o cal manifesta en data 07/09/2023, a súa conformidade coa proposta de modificado de "IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO". (Ttes. 255, 261 e 262 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación do contrato e a conformidade deste, en data 29/08/2023. (Ttes. 252, 259, e 260 do expediente dixital).

5º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP) xa que a modificación do contrato non conleva variacións do proxecto nin do prezo.

6º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta o previsto no artigo 205 da LCSP.

7º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

8º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Non procede reaxustar a garantía definitiva ao non producirse variación no prezo do contrato (artigo 109.3 d LCSP).
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

IX.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Modificar o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN ENTRE O Nº 209 E O Nº 178 NO CONCELLO DE VIGO”. A modificación consiste en:

1.- Incluir no apartado 7.B da FEC como “outros dereitos e/ou obrigas do adxudicatario” para as actuacións vinculadas ó financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - NextGenerationEU, en relación ao Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do PRTR, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.
- Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.
- Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello,



Concello de Vigo

do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

- Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais. Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da “Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (2021/C 58/01) e da “Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente”, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.
- Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.
- Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.
- Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.
- Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.

- Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:

- Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.
- Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como



Concello de Vigo

adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

3.- Modificar o apartado 3.J das FEC en relación ao financiamento do contrato incluíndo o seguinte:

O presente proxecto atópase cofinanciado con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas”, na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.

4.- Modificar a denominación do contrato engadindo á denominación do proxecto de obras a cofinanciación no marco do PRTR, quedando do seguinte xeito: “Implantación de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o Nº 209 e o Nº178 no Concello de Vigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU ”.

SEGUNDO.- Instar á mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., (B-36.746.584) adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP.

TERCEIRO.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(832).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO DE “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”. EXPTE. 1373/441.

Visto o informe xurídico do 22/09/2023 e o informe de fiscalización de data 25/09/2023, dáse conta do informe-proposta do 01/09/2023, asinado pola técnica de Xestión-xefa do Servizo de Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe da Área de Investimentos e conformado pola técnica de Admón. Xeral-xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (delegación 25/08/2023) e polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

Respecto do expediente de contratación e de execución das obras:

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 15 de setembro de 2022, acordou aprobar o proxecto de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS CATORCE MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (1.814.513,63 €) de data xuño de 2022, asinado dixitalmente en data 20 de xullo de 2022. Expte. 5468-443.

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 9 de decembro de 2022, acordou aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA ”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Trinidad López Rodríguez, e aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 7 de novembro de 2022.



Concello de Vigo

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 19 de maio de 2023, acordou adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura” (1373-441) por un prezo total do contrato de 1.730.138,74 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 300.272,01 euros.

4.- En data 26 de maio de 2023 formalízase o contrato das obras de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”, entre o Concello de Vigo e a empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584).

5.- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 24 de maio de 2023 (en virtude das delegacións do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e de data 24 de xuño de 2021), previo informe proposta do servizo xestor, acordou aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra de “VIGO VERTICAL IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”, expte. 1373/441 á Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. FÁTIMA MARTÍNEZ GIRÁLDEZ e ao Enxeñeiro Técnico en Topografía D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRO (Tte.6 do expte 6064/443)

6.- En data 22 de xuño de 2023, debido á falta de cumprimentación de diversos trámites de carácter administrativo necesarios asíñase acta de comprobación do replanteo negativa. Posteriormente, en data 27 de xullo de 2023, asíñase a acta de comprobación de replanteo positiva, dando comezo as obras ao día seguinte (Ttes. 14 e 28 do expediente da execución da obra 6064-443).

Respecto do financiamento do expediente de contratación das obras:

7.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2022, adoptou o acordo da participación do Concello de Vigo na convocatoria correspondente ó exercicio 2022 do programa de axudas regulado pola “Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e apróbase e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021” expte. 1383/441, aceptando de forma expresa o procedemento regulado por esta Orde Ministerial.

Dita participación recolle dentro das actuacións de tipo 6 “VIGO VERTICAL: ACCESO MECÁNICO RAMÓN NIETO A COLEGIO FONTE OSCURA Y CENTRO SALUD LAVADORES”. Importe (IVE incluído): 1.814.513,63 € Subvención solicitada: 1.349.638,24 € Importe a financiar polo Concello: 464.875,39 €.

8.- Con data 18 de abril de 2023, a Secretaría Xeral de Transportes e Mobilidade resolve provisionalmente a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás Entidades Locais reflectidas no Anexo I LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, no que se determina a achega asignada a cada proxecto.

No Anexo I LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, figura o Concello de Vigo – Código de Solicitud ZBEMRR/22/00151. Código e título da actuación: P06_L2-20220927-2 “Vigo Vertical - Implantación medios mecánicos de transporte peatonal Calle Ramón Nieto, Centro de Salud.”, cun importe da axuda de 1.349.638,24 € .

9.- En data 17 de xullo de 2023 o Secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana asina a resolución definitiva pola que se resolve a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, da segunda convocatoria do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (C1.I.1). (Tte. 248 Expte. 1373-441).

No seu Anexo I, para cada solicitude beneficiaria indícanse, entre outros datos, as actuacións aprobadas, o importe solicitado e a axuda concedida, téndose no caso do Concello de Vigo o seguinte:



Concello de Vigo

- Código e título da actuación: P06_L2-20220927-2 "Vigo Vertical - Implantación medios mecánicos de transporte peatonal Calle Ramón Nieto, Centro de Salud."
Importe Solicitado: 1.349.638,24 €. Axuda Concedida: 1.349.638,24 €.

Asemade declárase, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos, que tódalas actuacións levadas a cabo no marco de dita convocatoria implican que o beneficiario asumirá as obrigas e responsabilidades regulados nas Bases Reguladoras e na propia Convocatoria, onde se identifica, entre outras, a seguinte normativa:

- Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e apróbase e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa ó análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Todas elas configuran o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e establecen o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan.

Igualmente existe a obrigaón de cumprir a normativa reguladora das subvencións e, especificamente, de respectar o principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) e cumprir coas condicións da etiquetaxe climática e dixital previstas polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR); así como o resto da normativa que os desenvolva e que se estableza no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Á vista destes antecedentes o Concello de Vigo como entidade beneficiaria e executora de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, financiados pola Unión Europea – NextGenerationEU, debe proceder a establecer os procesos necesarios para garantir unha correcta planificación, execución e seguimento dos proxectos, e cumprir coas obrigas derivadas da condición de “beneficiario” de proxectos financiados con fondos do PRTR.

A Orde HFP/1030/2021, no artigo 2, establece como principios de xestión específicos do PRTR de obrigada consideración na planificación e execución os seguintes:

- a) A determinación de “fitos” e “obxectivos” como criterios de planificación, seguimento e acreditación do resultado dos proxectos.
- b) Etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, como unha obriga para a identificación dos recursos destinados a obrigada transición ecolóxica e dixital.
- c) Análise de riscos en relación aos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), seguimento e verificación dos resultados da avaliación inicial.
- d) Fortalecemento dos mecanismos de prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.
- e) Compatibilidade do réxime de axudas estatais e prevención do dobre financiamento.
- f) Identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista.
- g) Comunicación.



Concello de Vigo

Asemade, por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de data 17 de febreiro de 2022, estableceuse un PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE, que determinará as directrices de xestión e coordinación co obxectivo de acadar sinerxías entre os distintos servizos municipais, favorecendo a conformación de equipos multisicplinares entre os diversos técnicos municipais, co obxectivo de impulsar a execución dos proxectos vinculados as distintas convocatorias do PRTR.

De acordo co proceso desenvolto polo Concello de Vigo para a preparación da súa organización en relación ás obrigas como entidade xestora de proxectos cofinanciados co PRTR, financiados pola Unión Europea – NextGenerationEU, e de acordo co recollido no PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION, atópanse aprobados os seguintes expedientes vinculados á execución deste programa:

- Por Resolución do Concelleiro delegado da Área de Fomento, na súa condición de responsable do desenvolvemento operativo do PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE, con data 09 de marzo de 2022, apróbase o MANUAL DE PROCEDEMENTOS - XESTIÓN PROXECTOS CON FINANCIAMENTO DE FONDOS DO PRTR - NEXT GENERACIÓN EU. (enlace: https://hoxe.vigo.org/pdf/eu/prtr/DOC_02_gallego.pdf)
- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo de 2022, procedeuse a aprobar o PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, que se corresponde co acordo da sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU. (enlace: https://hoxe.vigo.org/pdf/eu/prtr/DOC_03_gallego.pdf)

10.- En base as obrigas descritas e tendo en conta que o presente expediente foi licitado, adxudicado e formalizado con anterioridade a resolución desta convocatoria, con datas 15 e 16 de agosto de 2023, a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do contrato das obras de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”.

Por todo o anteriormente exposto, o Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, previo informe do servizo xestor, en data 22 de agosto de 2023 resolveu aprobar o inicio do expediente de modificación do contrato das obras de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA” expte. 1373/441.

11.- En data 23 de agosto de 2023, pola dirección facultativa da obra, e coa conformidade do Xefe da Área de Investimentos, emítense informe que consta no expediente, solicitando a modificación do contrato de obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”, no seguinte senso:

“(…)

II. PROPOSTA DA MODIFICACIÓN

Á vista da resolución definitiva e tendo en conta que dito proxecto está financiado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-NextGenerationEU, á tramitación deste expediente resultaranlle de aplicación ademais das normas xerais de contratación pública, o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro e cantas normas de desenvolvemento se aproben.



Concello de Vigo

Asemade, o Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas, de ser o caso, garantirán o respecto ao principio de "non causar prexuízo significativo ó medioambiente" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento de axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar prexuízo significativo", así como o exixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e ás condicións da etiquetaxe climática e dixital.

Polo que atendendo aos antecedentes descritos, así como aos condicionantes para a execución do devandito proxecto, subvencionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, propónse modificar o contrato de obras do proxecto de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO CONTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA" (1373-441), adxudicado a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL (B-36.746.584), en base aos seguintes condicionantes:

1.- Incluir como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas ó financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - NextGenerationEU, en relación ao Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do PRTR, de acordo coa normativa de aplicación, as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao

establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.

- Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

2.- Modificar o financiamento do contrato: *En relación á condición de contrato cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU, figurando no devandito Plan na Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas” na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.*



Concello de Vigo

3.- Modificar a denominación do contrato: Segundo o establecido no artigo 9.3.b da Orde HFP/1030/2021, todas as convocatorias, licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos que se desenvolvan no ámbito do PRTR, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo a seguinte referencia «Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia - Financiado por la Unión Europea – NextGenerationEU», de xeito que o título deberá ser: “**IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO CONTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA** no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU ”

III.- XUSTIFICACIÓN TÉCNICA DA MODIFICACIÓN

En relación ao alcance da proposta de modificación exposta, o PCAP que rexe a contratación das obras recolle no seu Anexo I Folla de Especificacións do Contrato (FEC), Punto 14 a posibilidade de modificación do contrato, indicando no seu Apartado C) “Circunstancias que determinan a modificación”, a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, estado das estruturas, condicións xeotécnicas ou contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
- Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, ou usos e seguridade no funcionamento da instalacións sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.
- A orde da autoridade responsable para adoptar medidas correctoras para garantir o preceptivo cumprimento das obrigas asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e os mecanismos establecidos para o seu control, así como o preceptivo cumprimento das obrigas asumidas pola aplicación do principio de non causar un dano significativo e as consecuencias en caso de incumprimento.

Á vista das circunstancias expostas debese indicar que aínda que o PCAP regula a posibilidade de modificación do contrato, a proposta que se xustifica no presente informe non pode considerarse como unha causa incluída no PCAP polas seguintes condicionantes:

O obxecto deste modificado, atopase relacionado cunha situación extraordinaria, derivada da concesión de axuda por importe de 1.349.638,24 euros, outorgada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao Concello de Vigo segundo a Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa resolución definitiva de data 17 de xullo do 2023, foi posterior á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e da licitación do procedemento aberto da obra para a contratación das obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO CONTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA” (1373-441).

Por outra banda, a proposta desta modificación, en relación ás obrigas instrumentais a cargo do contratista e os seus subcontratistas e do responsable do contrato, dérvase da execución de unha actuación financiada no marco dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-NextGenerationEU, e polo tanto, ademais das normas xerais de contratación pública seranlle de aplicación o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que deben facilitar as Entidades do Estado, Comunidade Autónoma e Sector Público Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contabilización das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que



Concello de Vigo

executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e cantas normas de desenvolvemento se aproben.

Así mesmo, regularase polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Parlamento Europeo Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o resto da normativa que a desenvolve. En particular, as medidas previstas no citado Regulamento teñen por obxecto evitar o dobre financiamento (artigo 9); medidas contra a fraude, a corrupción e conflito de intereses [artigo 22.2.b)]; as medidas para o rexistro dos datos dos beneficiarios nunha única base de datos [artigo 22.2.d)]; sometemento aos controis de organizacións europeas [artigo 22.2.e)]; a obriga de preservar o documentación [artigo 22.2.f)] e as normas de comunicación e publicidade, de conformidade co disposto no artigo 34.

Asemade, Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas, de ser o caso, garantirán o respecto ao principio de "non causar prexuízo significativo ó medioambiente" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento de axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar prexuízo significativo", así como o esixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.

Estas obrigas non supoñen a realización de novas prestacións nin implican custe, e refírense unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.

Polo que a modificación proposta ten o seu encaixe no art.205.2b) da LCSP que recolle a posibilidade de modificacións non previstas no PCAP cando a necesidade de modificar un

contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

- 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.*
- 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.*
- 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.*

*Por todo o exposto solicítase a modificación do **CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO CONTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA (1373-441)** en base aos seguintes condicionantes:*

1.- Engadir no apartado 15.B da FEC como “outros dereitos e/ou obrigas do adxudicatario”, para as actuacións vinculadas ó financiamento dos Fondos do Plan de Recuperacións, Transformación e Resiliencia – NextGenerationEU, en relación ao Programa de axudas a municipios pra a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano no marco do PRTR, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondo.*



Concello de Vigo

- *Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

2.- Modificar o apartado 3.J das FEC en relación ao financiamento do contrato como sigue:

O presente proxecto atópase cofinanciado con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas”, na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o

campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.

3.- Modificar a denominación do contrato engadindo á denominación do proxecto de obras a cofinanciación no marco do PRTR, quedando do seguinte xeito: *“Implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU ”.*

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlase as modificacións previstas na documentación que rexe a



Concello de Vigo

licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figuran as seguintes (art.205.2.b) da LCSP):

- Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
 - 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
 - 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
 - 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

IV.- Neste caso que nos ocupa, a proposta de modificación do contrato ten encaixe no apartado 2.b do artigo 205: “Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato”. Concorren neste caso as tres condicións esixidas legalmente:

1. A necesidade da modificación derívase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever. O obxecto deste modificado, atopase relacionado cunha situación extraordinaria, derivada da concesión directa, ao Concello de Vigo, dunha subvención para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, transformación e resiliencia, cuxa resolución definitiva de data 17 de xullo do 2023, foi moi posterior á aprobación do expediente de contratación e posterior mesmo á adxudicación do contrato das obras do proxecto de *“IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”*.
2. A modificación non altera a natureza global do contrato dado que a modificación unicamente consiste en engadir obrigas instrumentais tanto a cargo do contratista e os seus subcontratistas como do responsable do contrato en cumprimento da normativa que rexe as actuacións derivadas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
3. A modificación do contrato implica unha alteración na súa contía que non excede, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído. Neste caso concreto a modificación proposta non implica alteración da súa contía xa que refírense unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.

V.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun



Concello de Vigo

contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).

2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

VI.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 205 e 206 da LCSP).

VII.- Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

VIII.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

- 1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducidos nos antecedentes da presente proposta, xustificativos da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 205 e 206 da LCSP.

2º.- Consta autorización do Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 22 de agosto de 2023, en virtude do Decreto de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros de Área de Goberno de data 22 de xuño de 2023; órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia da redactora do proxecto, a cal manifesta en data 28 de agosto de 2023, *“que supervisada dicha documentación, no oponemos objeciones y estamos conformes con la misma”*. (Ttes. 250, 253 e 254 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación do contrato e a conformidade deste, en data 29.08.2023. (Ttes. 249, 255, e 256 do expediente dixital).

5º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP) xa que a modificación do contrato non conleva variacións do proxecto nin do prezo.

6º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta o previsto no artigo 205 da LCSP.

7º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

8º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Non procede reaxustar a garantía definitiva ao non producirse variación no prezo do contrato (artigo 109.3 d LCSP).
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)



Concello de Vigo

IX.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Modificar o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “*IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA A CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA*”. A modificación consiste en:

1.- Engadir no apartado 15.B da FEC como “outros dereitos e/ou obrigas do adxudicatario”, para as actuacións vinculadas ó financiamento dos Fondos do Plan de Recuperacións, Transformación e Resiliencia – NextGenerationEU, en relación ao Programa de axudas a municipios pra a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano no marco do PRTR, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- *Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.*
- *Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome*

da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.

- *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

2.- Modificar o apartado 3.J das FEC en relación ao financiamento do contrato como sigue:

O presente proxecto atópase cofinanciado con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas”, na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.



Concello de Vigo

3.- Modificar a denominación do contrato engadindo á denominación do proxecto de obras a cofinanciación no marco do PRTR, quedando do seguinte xeito: *“Implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para a conexión da rúa Ramón Nieto co contorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU ”.*

SEGUNDO.- Instar á mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., (B-36.746.584) adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP.

TERCEIRO.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(833).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DA AVDA. CASTRELOS ENTRE OS Nº 120 E Nº 144” - PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 1425/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/09/2023, asinada pola técnica de Xestión – xefa do Servizo de Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prórroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á

execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 23.06.2023 acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DA AVDA. CASTRELOS ENTRE OS Nº 120 E Nº 144**”, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento base de licitación antes de IVE de CENTO CINCUENTA MIL SETECENTOS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (150.700,38 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 17/05/2023.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DA AVDA. CASTRELOS ENTRE OS Nº 120 E Nº 144**”, por un importe de 6.325,61 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO	2.532,78 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	2.532,78 €
Coordinación de seguridade e saúde	Ruth Carballeira Martín (CIES ATLANTICO)	633,19 €
	SUMA	5.698,75 €
	11% Gastos de Xestión	626,86 €
	TOTAL (IVE excluído)	6.325,61 €

Terceiro.- Nomear como directores de obra a D^a Cristina Tapias Bouso, Enxeñeira Industrial Municipal e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

IV.- Con data 28 de setembro de 2023 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.425/441



Concello de Vigo

- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 126.638,97 €
- Presuposto de contrata: 150.700,38 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 5 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se esixe*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: ESIMPRO
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Ruth Carballeira Martín (CIES ATLÁNTICO)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DA AVDA. CASTELOS ENTRE OS Nº 120 E Nº 144.** cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, segundo o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 1.425/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 126.638,97 €
- Presuposto de contrata: 150.700,38 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 5 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se esixe*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: ESIMPRO
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Ruth Carballeira Martín (CIES ATLÁNTICO)

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-



Concello de Vigo

administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(834).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DA SUPERFICIE DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO TERREO DE XOGO DO COMPLEXO DEPORTIVO AS TRAVESAS”. EXPTE. 1712/441.

Visto o informe xurídico de data 26/09/2023 e o informe de fiscalización do 28/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/09/2023, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- A Concellería de Deportes, en data 5 de maio de 2023, remite o proxecto básico e de execución da “RENOVACIÓN DA SUPERFICIE DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO TERREO DE XOGO DO COMPLEXO DEPORTIVO “AS TRAVESAS”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás , para a súa tramitación pola Área de Fomento.

II.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 11 de maio de 2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 15 de maio de 2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 25 de maio de 2023 aprobou o proxecto de obras de "Renovación da superficie de céspede artificial no terreo de xogo do complexo polideportivo de As Travesas", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SETENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (379.999,99 €) e con data da sinatura dixital 5 de maio de 2023. (Expte. 6028-443).

III.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 25.05.2023 que se corresponde co expediente administrativo 6028-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de xestión, pola Enxeñeira Industrial, polo Xefe do Servizo de Deportes e polo Xefe do Servizo administrativo e de control orzamentario de data 18.07.2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 18.07.2023.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo de Deportes, polo Xefe do Servizo administrativo e de control orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 21 e 24.07.2023.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 26.07.2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 10.08.2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 10 e 11.08.2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (por delegación de data 25.08.2023, a Técnica de Administración Xeral) con data 14.09.2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (por delegación de data 25.08.2023, a Técnica de Administración Xeral) con data 14.09.2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local



Concello de Vigo

(disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de datas 20.06.2019 e 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 11.05.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **RENOVACIÓN DA SUPERFICIE DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO TERREO DE XOGO DO COMPLEXO DEPORTIVO “AS TRAVESAS”** redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (por delegación de data 25.08.2023, a Técnica de Administración Xeral) con data 14.09.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS SETENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (379.999,99 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 65.950,41 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420 632 00 11 (Investimentos mellora inst. deportivas), proxecto de gasto 23342005, segundo a distribución de anualidades proposta.

2023	379.999,99 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(835).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS”. EXPTE. 1732/441.

Visto o informe xurídico de data 26/09/2023 e o informe de fiscalización do 28/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/09/2023, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Por parte da Concellería de Deportes remítese para a súa tramitación, proxecto de “REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS”, redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (59.677,07 €).

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 19.05.2023, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 12 de xuño de 2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 13 e 15 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de xuño de 2023 aprobou o proxecto de “REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS”, redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (59.677,07 EUROS) e de data da sinatura dixital 19 de maio de 2023. (Expte. 6050-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 30.06.2023 que se corresponde co expediente administrativo 6.050-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández.

- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, pola Enxeñeira Industrial, polo Xefe do servizo de Deportes e polo Xefe do servizo administrativo e de control orzamentario de data 19.07.2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 20.07.2023.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do servizo de Deportes, polo Xefe do servizo administrativo e de control orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 20 e 21.07.2023.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación en data 21.07.2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada pola Enxeñeira Industrial en data 28.07.2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 28 e 31 de xullo, e 1 de agosto de 2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (por delegación de data 25.08.2023, a Técnica de Administración Xeral) con data 06.09.2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (por delegación de data 25.08.2023, a Técnica de Administración Xeral) con data 06.09.2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de datas 20.06.2019 e 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e



Concello de Vigo

seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 12.06.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS”** redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (por delegación de data 25.08.2023, a Técnica de Administración Xeral) con data 06.09.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (59.677,07 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 10.357,18 €.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(836).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “TAPADO LATERAL DA PISTA DEPORTIVA DO CENTRO CULTURA BECERREIRA” CABRAL. EXPTE. 1738/441.

Visto o informe xurídico de data 22/09/2023 e o informe de fiscalización do 28/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/09/2023, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 17.03.2022 resolveu o autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de para o tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira a favor do arquitecto Leopoldo Salceda Alvite.

II.- O arquitecto Leopoldo Salceda Alvite presenta, trala fase de supervisión do borrador , o proxecto de obras para o “TAPADO LATERAL DA PISTA DEPORTIVA DO CENTRO CULTURAL BECERREIRA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS DOCE MIL CINCOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (212.597,15 €)

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 15.06.2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 22 e 23 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 7 de xullo de 2023 aprobou o proxecto de obras



Concello de Vigo

para o “TAPADO LATERAL DA PISTA DEPORTIVA DO CENTRO CULTURAL BECERREIRA”, redactado polo Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS DOCE MIL CINCOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (212.597,15 €) e de data da sinatura dixital 15 de xuño de 2023 (Expte. 5820-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 07.07.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5.820-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, pola Enxeñeira Industrial e polo Técnico de Administración Xeral de data 27.07.2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 27.07.2023.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 124.08.2023.
- E) Certificados de crédito asinados pola Técnica de Contabilidade en datas 25 e 28.08.2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 28.08.2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 28.08.2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (por delegación de data 25.08.2023, a Técnica de Administración Xeral) con data 29.08.2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (por delegación de data 25.08.2023, a Técnica de Administración Xeral) con data 29.08.2023.
- J) Dilixencia de corrección do PCAP de data 19.09.2023, asinado pola Técnica de Administración xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos
- K) Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 19.09.2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de datas 20.06.2019 e 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 15.06.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),



Concello de Vigo

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**TAPADO LATERAL DA PISTA DEPORTIVA DO CENTRO CULTURAL BECERREIRA**” redactado polo Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de DOUSCENTOS DOCE MIL CINCOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (212.597,15 €), Ive engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	112.597,15 €
2024	100.000,00 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado asinado pola Técnica de Administración xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 19.09.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo a partida orzamentaria 9330.632.00.01 ("REMATE CUBRICION CC BECERREIRA") do vixente orzamento 2023 por importe de 112.597,15 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2024, na partida orzamentaria 9330.632 00.01, crédito por importe de 100.000 €.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 88,81 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(837).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN MODIFICADO DA AOD A-3-10 ESTURÁNS-POLÍGONO II. EXPTE. 5250/401.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/09/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico, conformado polo xerente de Urbanismo e a concelleira da Área de Goberno, e sometido ao Consello da Xerencia de Urbanismo en sesión de data 26/09/2023, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FEITOS

A) Actuacións Administrativas realizadas

I.-Damos por reproducidos por mor das necesarias concisión e brevidade, o relato de feitos e a fundamentación xurídica contida no informe proposta suscrito conxuntamente pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión e o Xefe de urbanización e infraestruturas con data do 02.07.2020 que serviu de base ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Vigo na sesión ordinaria que tivo lugar o 17.07.2020, que, entre outros pronunciamentos, acordou, na súa literalidade o que segue,

*“(…)*I.- *A Xunta de goberno local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar con data do 27 de febreiro de 2020, de conformidade e en base á proposta suscrita o 14.02.2020 pola Técnica de Admón Xeral adscrita á Área de desenvolvemento urbanístico, co conforme do xefe de urbanización e infraestruturas da mesma data, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o 21.12.2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao “Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns», instrumento urbanístico promovido pola entidade “Prazadouro, SL”, documento redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de Galicia de día 02.09.2010 e documentación reformada -sen visar- integrada no referido proxecto como “reformado” coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401); e no mesmo acto prestar aprobación con carácter inicial a documentación complementaria da anterior, que divide o proxecto en fases, presentada no rexistro xeral desta XMU con data do 16.05.2013 (doc. 130057020) suscrita por EAM - “Enxeñería e análise medioambiental”- en data maio de 2013, coa documentación que o integra, consistente en: Memoria descritiva do proxecto, estudo de seguridade e saúde, planimetría, prego de condicións e orzamento; así como ao documento nomeado “Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS”, redactado por “Urbing ingeniería”, e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019, da que se extracta a continuación o seu contido íntegro para unha maior comprensión do sentido do acordo adoptado:*

“(…) ANTECEDENTES E FEITOS

I.- Con data do 24.07.2019 tiña entrada no Rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo (en diante XMU), senllos escritos achegados pola entidade “Prazadouro, SL”, (CIF B36835569) baixo os COD.SOL.: W364125-2649, COD. SOL.: W364129-6409, COD. SOL.: W364136-5558, COD. SOL.: W364137-9385, e COD. SOL.: W364140-55, polos que, solicita a convalidación, reactivación ou homologación dos acordos adoptados no expediente 4856/401, ou ben unha nova aprobación do proxecto de urbanización do



Concello de Vigo

polígono II da APR A-3-10 ESTURÁNS que permita a execución material da urbanización de referencia, e aos que xunta diversa documentación consistente en: Estudo de seguridade e saúde, Memoria, planimetría, pregos, e orzamento, datada en marzo de 2013, e redactada por "Ingeniería e análise Medioambiental" EAM, e que xa constaba incorporada ao expediente 4856/401.

II.- Examinada a antedita documentación, con data do 04.09.2019 o enxeñeiro civil do servizo de urbanización e infraestruturas, emite informe técnico, co seguinte teor literal,

"(...) El 24/07/2019 la entidad Mercantil PRAZADOURO S.L. en presenta para su tramitación el proyecto de Urbanización de la ordenación detallada AOD A-3-10 "ESTURANS", (documentos 190115837, 190115858, 190115865, 190115877, 190115879) Este proyecto ha sido Redactado por INGENIERIA E ANALISE MEDIOAMBIENTAL EAM con fecha mayo de 2013.

Este proyecto ya fue presentado el 16 de mayo de 2013, al amparo del PXOM 2008, como proyecto de urbanización del Polígono 2 del APR A-3-10, en su momento este departamento informó favorablemente al proyecto. En el Anexo 3. Ordenaciones Detalladas. SUNC. AODS, Refleja la ordenación detallada AOD A-3-10 "ESTURANS", Polígono II, con una memoria, planos, certificación del pleno 07/12/2012 del proyecto de equidistribución y el Informe de viabilidad funcional de las infraestructuras de los servicios técnicos de la Gerencia M. de Urbanismo.

En este Informe de viabilidad funcional de las infraestructuras, imputa parcialmente el sistema

secundario de Pluviales SX-PLU2.16,001, con una cuota de participación del 11,847%, (112.374,75 €), asimismo también manifestaba la necesidad de tener en funcionamiento al 100% los sistemas secundarios de Pluviales SX-PLU2.16,001 y SX-PLU2.15,001, indicando que las aguas pluviales generadas por el propio ámbito, así como las de la cuenca a cota superior serán resueltas en el proyecto de urbanización y conectadas a los sistemas generales anteriores. Asimismo imputa como una carga urbanística al ámbito (los dos polígonos) una serie de sistemas generales y secundarios que valora en 305.141,45€ (para los dos polígonos).

La necesidad de resolver la conexión de las aguas pluviales del ámbito y de posibles aportaciones de cotas superiores de esta cuenca sigue siendo una realidad, no así los sistemas generales antes mencionados, pues no está vigente el PXOM 2008, por lo que no sería siquiera viable determinar en que se materializa el 11,847% del SX-PLU2.16,001, pues es un porcentaje de participación, no un tramo concreto.

Por esta razón, este técnico considera que se debe dar una solución a la evacuación de estas aguas pluviales desde el final del ámbito hasta los sistemas generales existentes, es decir, desde la calle Tomás A. Alonso hasta el colector de margen de ría en la calle Orillamar.

Por lo tanto, para poder continuar con la tramitación del proyecto de urbanización, se debe redactar un proyecto complementario de conexión de la red de pluviales al sistema general existente, proyecto que discurre por calles de titularidad pública y externas al ámbito.

III.- Dando cumprimento ao solicitado na conclusión do antedito informe técnico municipal, con data do 18.09.2019 a entidade promotora, presenta senllos impresos de solicitudes no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, cos COD. SOL.: W374477-4889, W374480-7442, W374484-8749, W374489-1253, W374491-3205, W374494-7746 e W374510-1874, aos que xunta o documento nomeado "Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS", redactado por "Urbing ingeniería", e asinado polo enxeñeiro de caminos, canales e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019.

IV.- A vista da documentación achegada pola promotora referida no parágrafo anterior, con data do 24.09.2019 o enxeñeiro civil do servizo de urbanización e infraestruturas, subscribe novo informe, de carácter favorable, no que conclúe que, "(...) después de revisar el proyecto presentado se informa que el mismo define correctamente las obras necesarias para esta conexión de las aguas pluviales de la cuenca de aportación con el colector de margen de ría. Por lo tanto este técnico considera que se puede continuar con la tramitación de la urbanización de la ordenación detallada.

V.- Remitido o expediente a informe da Técnico de medio ambiente adscrita ao servizo de planeamento e xestión, no ámbito das súas competencias e, no que atinxe ao trámite ambiental a seguir no presente procedemento, con data do 29.10.2019 emite o mesmo, no que conclúe, consultar ao órgano ambiental sobre o trámite ambiental aplicable ao proxecto de urbanización da AOD A-3-10 Esturáns (polígono II, e do que se extracta a continuación o seu contido íntegro:

"(...) Con data 24.07.2019 tivo entrada telemática no Rexistro da XMU (doc. 190115837) a solicitude de convalidación, reactivación ou homologación dos acordos adoptados no expediente 4856/401, ou ben nova aprobación do proxecto de urbanización do polígono II da APR A-3-10 Esturáns, por parte de D. Marcos Álvarez Rodríguez en representación da mercantil PRAZADOURO, S.L.

O polígono II da área de ordenación detallada A-3-10 Esturáns atópase incluída no Instrumento de Medidas Provisionais de Ordenación de Vigo (IOP), previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 24 de xullo de 2019.

Trámites de avaliación de impacto ambiental

O xa derogado Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se desenvolvía o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, incluía os proxectos de urbanización no seu grupo 7.b do anexo II: "Proxectos de urbanizacións, incluía a construción de centros comerciais e aparcamentos".

Esta redacción foi modificada na vixente Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (grupo 7.b do anexo II): "Proxectos situados fóra de áreas urbanizadas de urbanizacións, incluída a construción de centros comerciais e aparcamentos e que en superficie ocupen máis de 1 ha".

Características do proxecto

A Ordenación Detallada deste ámbito, denominada no vixente Instrumento de Ordenación Provisional Área de Ordenación Detallada A-3-10 ESTURÁNS POLIGONO II, correspóndese coa ordenación detalla prevista para o ámbito de solo urbano consolidado APR A-3-10 ESTURÁNS que o PXOM de Vigo 2008 (anulado por STS do 10.11.2015) incorporaba á súa documentación. Dita ordenación detallada delimitaba dous polígonos, o que nos ocupa neste expediente é o denominado polígono nº 2, que é o que se incorporou ao IOP. A superficie deste polígono abranxe 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como superficie total do ámbito de solo urbano non consolidado delimitado polo anulado PXOM 2008.

Os terreos delimitados por este polígono 2, presentan unha orientación norte, cunha pendente uniforme e suave de sur ao norte. Na zona leste do polígono é onde se acadan as maiores pendentes, cunha media aproximada dun 7 %. A parte situada ao oeste da rúa Esturáns ten unhas pendentes moito máis suaves.

O proxecto de urbanización contén a apertura de dous novos viais e a reurbanización do camiño Esturáns. Tamén se proxecta a creación dunha nova zona verde na parte sur do polígono.

O Plan Xeral determina como Uso Global Característico o Residencial, que a Ordenación Detallada desagrega nos Usos Pormenorizados de: Residencial Clase Vivenda, Categoría 2ª; o Residencial Libre e Categoría 2ª de Vivendas Acollidas a algún Réxime de Protección, e o Uso Transportes, Clase Servizos Públicos, Categoría 6ª (estación de servizo), nos termos, condicións e coeficientes de ponderacións establecidos na súa Memoria.

No seguinte enlace pode descargarse a documentación relativa á AOD A-3-10 ESTURÁNS POLÍGONO II (Memoria, anexo documental e planos), incluída na IOP:



Concello de Vigo

http://xmu.vigo.org/docs/IOP_20190724/IOPv5_navegable_s/index.htm

Polo que antecede, consúltase ao órgano ambiental sobre o trámite ambiental aplicable ao proxecto de urbanización da AOD A-3-10 Esturáns (polígono II)

VI.- En cumprimento do antedito informe ambiental, con data do 04.11.2019 (not. núm. 11713-2019), e mediante oficio suscrito pola Vicepresidenta desta XMU, remitíase o mesmo ao órgano ambiental da Xunta de Galicia, - isto é a Dirección Xeral de calidade ambiental e cambio climático, solicitando, o pronunciamento sobre o trámite ambiental aplicable ao proxecto de urbanización da Área de Ordenación Detallada A-3-10 ESTURÁNS POLÍGONO II, incluída no Instrumento de Medidas Provisionais de Ordenación de Vigo, previsto no artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 24 de xullo de 2019. (...)”.

VII.- Neste estado da tramitación, e ante a discrepancia manifestada pola entidade promotora ao concluído no informe suscrito con data do 20.11.2019 polo xefe do servizo de urbanización de proxectos da dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático, e que consta no expediente de razón notificado con data do 21.11.2019, a dita entidade “Prazadouro, SL” solicita desta servizo de Desenvolvemento urbanístico, mediante escrito inserido no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o 10.12.2019 (COD. SOL.- W403820-1929), certificación acreditativa da inclusión do ámbito urbanístico do polígono II DA AOD A-3-10 ESTURANS, dentro do Instrumento de ordenación provisional vixente no Concello de Vigo, detallando a súa calificación urbanística, excluínte de calquera uso vinculado a un centro comercial, para a súa posterior remisión á Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático da Xunta de Galicia, con referencia clave 2019/0154; En cumprimento do mesmo, con data do 11.12.2019 a arquitecta municipal da XMU adscrita ao servizo de desenvolvemento urbanístico emite informe urbanístico en atención á dilixencia suscrita polo servizo de urbanización e infraestruturas, e que foi certificado polo secretario desta XMU con data do 11.12.2019 co visto e praxe da Vicepresidenta desta XMU.

VIII.- Así as cousas, mediante oficio desta Vicepresidenta da XMU do 12.12.2019 (Not. Núm. 13558-2019), e en cumprimento do peticionado pola entidade promotora- segundo o exposto no parágrafo anterior- déuselle traslado á Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático do escrito presentado por “Prazadouro, SL”, con data do 02.12.2019, do proxecto de urbanización do polígono II da OAD A-3-10 Esturáns, así como a certificación do secretario desta XMU de data 11.12.2019, solicitando en cumprimento do peticionado pola propiedade que, se proceda á revisión do resolto por esa Dirección xeral en informe do 20.11.2019.

IX.- Con data do 20.01.2020 tiña entrada no rexistro desta XMU, a través do sistema ORVE, co núm. De rexistro REGAGE20e00000261030, un oficio da Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático, ao que xunta informe suscrito polo xefe do servizo de avaliación ambiental de proxectos de data 16.01.2020, que se incorpora e forma parte do presente expediente, e no que entre outras consideracións, e logo de revisar a documentación remitida pola XMU do Concello de Vigo, conclúe que, o proxecto se localiza nun ámbito de solo urbano non consolidado inserido na malla urbana da cidade de Vigo, contando con servizos e infraestruturas para satisfacer as demandas dos usos e edificacións existentes; Así mesmo o proxecto non afecta a ningún espazo natural da Rede Natura 2000 ou sometido a algún réxime de protección establecido na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e que o proxecto non está incluído en ningún dos supostos aos que se refire o artigo 7 “Ámbito de aplicación de avaliación de impacto ambiental” da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, e polo tanto, **informase que non é preciso o seu sometemento ao trámite de avaliación de impacto ambiental.**

Do dito informe déuselle traslado á entidade promotora mediante oficio da Vicepresidenta desta XMU do 20.01.2020 (Not. Núm. 213-2020), e que consta no expediente debidamente notificada con data do 22.01.2020.

X.-Finalmente, con data do 27.01.2020 o enxeñeiro civil do servizo de urbanización e infraestruturas e en cumprimento do requirido na dilixencia subscrita pola xefatura do dito servizo o 24.01.2020, emite novo informe, co seguinte teor literal, "(...)

- *El contenido documental del proyecto de urbanización del APR A-3-10 de marzo de 2013 contiene los documentos requeridos en el artículo 225 del Decreto 143/2016 de 22 de septiembre, que aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia.*
- *Como de todos es sabido, el instrumento de medidas provisionales de ordenación previsto en el artículo 88 de la ley 2/2017, exp. 16022/411, no permite modificar ningún parámetro de lo dispuesto en los instrumentos de planeamiento de desarrollo que tuviesen algún tipo de aprobación, por lo tanto es evidente que se cumplen las condiciones de arbolado, zonas verdes, accesibilidad, aparcamiento,...dispuestas en el proyecto, pues se trata del mismo ya aprobado (polígono II) al amparo del PXOM 2008, ya que cualquier alteración en el mismo incumpliría el objeto de tal instrumento de ordenación provisional.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- *Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,*
- *Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,*
- *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*
- *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*
- *PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).*
- *Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)*
- *Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)*
- *Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)*
- *O resto da disposicións que poidan afectar*

II.- O Obxecto do Instrumento de ordenación provisional (IOP)

Con data do 10.11.2015 o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación num.: 1658/20141, polo que, estimou o recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Alternativa Veciñal de Vigo e declarou a nulidade da Orde da Consellería de Política Territorial,



Concello de Vigo

Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia, de data 16 de maio de 2008, pola que se aproba definitiva e parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo e contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 13 de xullo de 2009, pola que se aproba definitivamente o documento de cumprimento da citada Orde en canto as cuestións que na mesma quedaron en suspenso. Como consecuencia de dita anulación e conforme a xurisprudencia e (STS 22.01.2006, STS 2.03.2016 entre outras) a anulación xudicial de todo o plan comporta que recobre a súa vixencia a ordenación urbanística preexistente (Neste caso o PGOU 1993 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 29.04.1993).

Deste xeito o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, trátase do PGOU de 1993, que constitúe un documento de adaptación do PGOU de 1988 á Lei 11/1995, do 22 de agosto, de adaptación do solo de Galicia (LASGA), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993 (DOG núm. 87, do 10.05.1993; BOP núm. 133, do 14.07.1993, coas súas modificacións puntuais.

Con data do 24.07.2019 o Pleno do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria, prestou aprobación ao Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (en diante IOP), elaborado polos servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo, con data da sinatura de 26.04.2019, (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019) e inscrito no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia por Resolución do 11.09.2019 e que tal e como se reflicte na memoria informativa e xustificativa, a súa tramitación responde a finalidade e espírito que recolle a LMFAO (artigo 84); Trátase dunha ferramenta posta a disposición das administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos aos efectos, de que ao teor do pautado na LMFAO poidan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto en canto non contén cun novo PXOM definitivamente aprobado.

Neste senso, e no que aquí nos ocupa, o IOP definitivamente aprobado recupera a ordenación detallada do referido PXOM08 en determinadas zonas de solo urbano consolidado, nalgúns sistemas xerais e en dous polígonos de solo urbano non consolidado dado o grao de desenvolvemento acadado neles no seu momento (A-3-37 Tomás Paredes 1 e o **polígono 2 do AOD A-3-10 Esturáns**), mantendo os terreos restantes as condicións urbanísticas establecidas no PXOU93.

Deste xeito e no que aquí nos ocupa, traemos a colación o disposto no Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) adicada a Ordenación detallada da AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, as ordenanzas propias da presente ordenación, os criterios seguidos para a implantación dos servizos (anexos: cálculo de demandas), xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e planimetría, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e que se incorpora e forma parte da presente proposta (Anexo I) e na que se reflicte entre outra orde de consideracións que, a presente ordenación detallada, se corresponde coa prevista no interior do polígono núm. 2, no ámbito do solo urbano non consolidado previsto no PXOM de Vigo de 2008, identificado como APR, A-3-10, ESTURANS, cuxa superficie abrangue 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como ámbito completo.

Dita ordenación provisional soamente inclúe o Polígono 2, coas seguintes características

POLÍGONOS	SUPERFICIE m2	SUPERFICIE COMPUTABLE	EDIFICABILIDADE (M2)	EDIF. PONDERADA	APROV. TIPO
POLÍGONO 2	11.227	10.126	15.428	16.129	1,593

Este polígono desenvolveuse polo sistema de concerto, e o seu proxecto de equidistribución, tramitado no expediente núm. 4855/401 acadou a aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 07.12.2012.

Compre indicar, que as características e resto de parámetros descritos no "Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) – aprobado polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar con data do 24.07.2019, adicada a Ordenación detallada AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, resultan de obrigado cumprimento e de aplicación ao dito proxecto de urbanización, en atención á nova realidade existente, isto é, a recuperación da súa ordenación detallada, nos termos expostos nas alíneas precedentes.

III.- Proxecto de urbanización.

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento (RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe "execución e conservación de obras de urbanización," dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atinxe á execución material das obras de urbanización do polígono II da AOD A-3-10 Esturáns, coas características e resto de parámetros descritos no "Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) – aprobado polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar con data do 24.07.2019, adicada a Ordenación detallada AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro técnico de obras públicas desta XMU en informes do 24.09.2019 e 27.01.2020, respectivamente.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzam5250-ento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas en data 23.11.2012 informa que "(...) Constan en el expediente informes de los departamentos municipales de tráfico, electromecánicos, jardines y limpieza en los que hacen una serie de puntualizaciones en distintos aspectos de las instalaciones de su competencia que han sido tenidas en cuenta en su totalidad y se han incluido en la segunda revisión del proyecto de noviembre de 2012. El proyecto cumple con



Concello de Vigo

las vigentes NNUU del PXOM, con el decreto 35/2000 de accesibilidad y la orden VIV/561/2010 de 1 de febrero sobre condiciones básicas de accesibilidad y utilización de los espacios públicos urbanizados. (...)”.

Asemade, e á vista da nova documentación achegada pola propiedade, obran no expediente informes do enxeñeiro civil da Oficina de urbanización e infraestruturas de datas 24.09.2019 e 27.01.2020, que conclúen que o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informes que se incorporan ao presente expediente e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

IV.- Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado definitivamente o Instrumento de ordenación provisional que contén a ordenación detallada, como presuposto de execución material do artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG.

V.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos, como o que nos ocupa.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

Lémbrese que, ao se tratar dun sistema de actuación indirecto, con carácter anterior ao inicio das obras de urbanización, a promotora deberá prestar ante o municipio a garantía do exacto cumprimento dos deberes de execución do plan, por importe do 10 % do orzamento de execución material do proxecto.

No caso de que se pretenda simultanear as obras de edificación coas de urbanización, a propiedade deberá presentar aval polo 100% do P.E.C.

Asemade, deberanse redactar e elevar a esta XMU os estatutos dunha entidade de conservación das obras de urbanización, con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto, dado que o instrumento que se desenvolve (IOP) e que recupera a ordenación prevista no PXOM/2008 conteñen a previsión da constitución dunha entidade de conservación da obra urbanizadora; entidade á que lle corresponderá -segundo o previsto nos artigos 232 e 233, en relación co artigo 322 e seguintes do RLSG- a conservación das obras de urbanización e que deberá estar aprobada e constituída con anterioridade á recepción das obras.

VI.- Da aprobación inicial

O acto de aprobación inicial non é máis que o exame do proxecto elaborado e decisión, no seu caso, de que se inicie o procedemento legal, coa subsecuente información pública para a expedición do acto administrativo definitivo, polo que no seu propio alcance está explícita a súa natureza como verdadeiro acto de trámite dirixido a preparar e posibilitar ulteriores decisións, cunha impugnabilidade independente, tanto en vía administrativa como na xurisdiccional, agás que sexa denegatorio e impida a continuación do procedemento.

VII.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade cos informes técnicos incorporados ao expediente subscritos con datas do 24.09.2019 e 27.01.2020, e que lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o 21.12.2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao "Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns», instrumento urbanístico promovido pola entidade "Prazadouro, SL", documento redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de Galicia de día 02.09.2010 e documentación reformada -sen visar- integrada no referido proxecto como "reformado" coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401); e no mesmo acto prestar aprobación con carácter inicial a documentación complementaria da anterior, que divide o proxecto en fases, presentada no rexistro xeral desta XMU con data do 16.05.2013 (doc. 130057020) subscrita por EAM - "Enxeñería e análise medioambiental"- en data maio de 2013, coa documentación que o integra, consistente en: Memoria descritiva do proxecto, estudo de seguridade e saúde, planimetría, prego de condicións e orzamento; así como ao documento nomeado "Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS", redactado por "Urbing ingeniería", e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019, documentación toda ela que se incorpora e forma parte do presente expediente.

Segundo.- Subsecuentemente e a teor da nova documentación que se incorpora ao presente expediente e a que se presta aprobación inicial, sometese a información pública o presente proxecto de urbanización, segundo o exposto no parágrafo anterior, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no "Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia e no "Taboleiro de Edictos" da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo-computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de información/Rexistro da XMU do Concello de Vigo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos.

Terceiro.- Solicitar, consonte á normativa sectorial de aplicación, ao abeiro do disposto no artigo 226.4 do RLSG, os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos, de ser o caso.



Concello de Vigo

Cuarto.- Advírteselle á promotora de que, con anterioridade á aprobación definitiva, poderá esixirse documento refundido da documentación aprobada coas modificacións que se puideran introducir por mor das alegacións que sexan estimadas no proceso de información pública e dos informes sectoriais que se emitan, e requirir a “Prazadouro, SL” para que se proceda a redactar e achegar a esta XMU, con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto de urbanización, un proxecto de estatutos da futura entidade urbanística de conservación, consonte ao determinado no art. 324 e concordantes do RLSG, coa advertencia de que, unha vez aprobados polo órgano municipal competente, deberá proceder á constitución da entidade urbanística de conservación con carácter previo á recepción das obras de urbanización.

II.- Deste xeito, e en cumprimento do acordado, someteuse o expediente, con toda a documentación integrante do mesmo, ao correspondente prazo de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, consonte a normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de anuncios no BOP, de data 5 de marzo de 2020 e nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo) do 6 de marzo de 2020; Asemade, o expediente completo con toda a documentación integrante do mesmo, estivo exposto no taboleiro de anuncios da Xerencia municipal de Urbanismo dende o 2 de marzo de 2020 ata o 25 de xuño de 2020.

Compre indicar, que do ata aquí tramitado, e no que atinxe ao referido período de exposición pública do 2 de marzo de 2020 ata o 25 de xuño de 2020-, amplamente superior ao mes establecido polo artigo 96.3 da Lei do solo de Galicia, ven xustificada pola declaración do Estado de alarma con data do 14 de marzo de 2020, operada polo RD 463/2020, polo que se suspenderon os prazos administrativos, ata a publicación do RD 573/2020, do 22 de maio, polo que se alza dita suspensión. Neste contexto, procedeuse a recalcular o dito prazo de exposición pública, para o cal, seguiuase a regra xeral do artigo 30.2 da Lei 39/2015, seguindo a instrución da Avogacía do Estado que se inclina por días hábiles citando a STSX de Madrid do 20 de decembro de 2009.

III.- Con data do 29.06.2020 a xefa da oficina do Rexistro da XMU, emite dilixencia para facer constar que, o anuncio “Proxecto de Urbanización da AOD A-3-10 Esturáns Polígono II”, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 44, de data 5 de marzo de 2020 e nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo) con data do 6 de marzo de 2020, estivo exposto no taboleiro de anuncios da Xerencia municipal de Urbanismo dende o 5 de marzo de 2020 ata o 25 de xuño de 2020.

O período de exposición pública, superior ao mes establecido no artigo 96.3 da Lei do solo de Galicia, ven xustificada pola declaración do Estado de alarma con data do 14 de marzo de 2020, operada polo RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se suspenden os prazos administrativos, ata a publicación do RD 573/2020, polo que se alza dita suspensión. Neste contexto, procedeuse a recalcular o dito prazo dun mes, para o cal, seguiuase a regra xeral do artigo 30.2 da Lei 39/2015, seguindo a instrución da Avogacía do Estado que se inclina por días hábiles citando a STSX de Madrid do 20 de decembro de 2009.

Durante o dito período non se presentaron escritos de alegacións.

En base a mesma con data do 29.06.2020 o Secretario da XMU expide certificación co visto e prace da Vicepresidenta desta XMU na que se fai constar, aos efectos da unión ao expediente de razón, a non emisión de escritos de alegacións ao presente procedemento.

IV.- Pola súa banda, e no que atinxe ás garantías legais a impoñer no presente procedemento, con data do 25.06.2020 o enxeñeiro xefe da área de urbanización e infraestruturas emite informe a dito respecto, que se incorpora e forma parte do presente expediente, do seguinte teor literal,

“(…) De conformidad con el Art., 96 de la Ley 2/2016 de 10 de Febrero del Suelo de Galicia, procede imponer aval en la cuantía del 100% del coste de Ejecución Material de las obras de urbanización ligadas al desarrollo del ámbito urbanístico del expediente de referencia, para garantizar la ejecución simultanea de edificación y urbanización, que asciende a la cantidad de 835.781,90€.

V.- Con data do 30.06.2020, co Cod. Sol. W4460009-9181 a entidade "Prazadouro, SL" insire no rexistro electrónico do Concello de Vigo, documentación consistente nos Estatutos da Entidade urbanística de conservación do Polígono II da AOD A-3-10 Esturáns, dando cumprimento ao disposto no acordo de aprobación inicial no expediente de razón.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións que poidan afectar

II.- O Obxecto do Instrumento de ordenación provisional (IOP)

Con data do 10.11.2015 o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación num.: 1658/20141, polo que, estimou o recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Alternativa Veciñal de Vigo e declarou a nulidade da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia, de data 16 de maio de 2008, pola que se aproba definitiva e parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo e contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 13 de xullo de 2009, pola que se aproba definitivamente o documento de cumprimento da citada Orde en canto as cuestións que na mesma quedaron en suspenso. Como consecuencia de dita anulación e conforme a xurisprudencia e (STS 22.01.2006, STS 2.03.2016 entre outras) a anulación xudicial de todo o plan comporta que recobre a súa vixencia a ordenación urbanística preexistente (Neste caso o PGOU 1993 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 29.04.1993).

Deste xeito o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, trátase do PGOU de 1993, que constitúe un documento de adaptación do PGOU de 1988 á Lei 11/1995, do 22 de agosto, de adaptación do solo de Galicia (LASGA), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta



Concello de Vigo

de Galicia do 29.04.1993 (DOG núm. 87, do 10.05.1993; BOP núm. 133, do 14.07.1993, coas súas modificacións puntuais.

Con data do 24.07.2019 o Pleno do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria, prestou aprobación ao Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (en diante IOP), elaborado polos servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo, con data da sinatura de 26.04.2019, (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019) e inscrito no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia por Resolución do 11.09.2019 e que tal e como se reflicte na memoria informativa e xustificativa, a súa tramitación responde a finalidade e espírito que recolle a LMFAO (artigo 84); Trátase dunha ferramenta posta a disposición das administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos aos efectos, de que ao teor do pautado na LMFAO poidan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto en canto non contén cun novo PXOM definitivamente aprobado.

Neste senso, e no que aquí nos ocupa, o IOP definitivamente aprobado recupera a ordenación detallada do referido PXOM08 en determinadas zonas de solo urbano consolidado, nalgúns sistemas xerais e en dous polígonos de solo urbano non consolidado dado o grao de desenvolvemento acadado neles no seu momento (A-3-37 Tomás Paredes 1 e o polígono 2 do AOD A-3-10 Esturáns), mantendo os terreos restantes as condicións urbanísticas establecidas no PXOU93.

No Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) adicada a Ordenación detallada da AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, as ordenanzas propias da presente ordenación, os criterios seguidos para a implantación dos servizos (anexos: cálculo de demandas), xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e planimetría, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e que se incorpora e forma parte da presente proposta (Anexo I) e na que se reflicte entre outra orde de consideracións que, a presente ordenación detallada, se corresponde coa prevista no interior do polígono núm. 2, no ámbito do solo urbano non consolidado previsto no PXOM de Vigo de 2008, identificado como APR, A-3-10, ESTURANS, cuxa superficie abrangue 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como ámbito completo.

Dita ordenación provisional soamente inclúe o Polígono 2, coas seguintes características

POLÍGONOS	SUPERFICIE m2	SUPERFICIE COMPUTABLE	EDIFICABILIDADE (M2)	EDIF. PONDERADA	APROV. TIPO
POLÍGONO 2	11.227	10.126	15.428	16.129	1,593

Este polígono desenvolveuse polo sistema de concerto, e o seu proxecto de equidistribución, tramitado no expediente núm. 4855/401 acadou a aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 07.12.2012.

Compre indicar, que as características e resto de parámetros descritos no "Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) - aprobado polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar con data do 24.07.2019, adicada a Ordenación detallada AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, resultan de obrigado cumprimento e de aplicación ao dito proxecto de urbanización, en atención á nova realidade existente, isto é, a recuperación da súa ordenación detallada, nos termos expostos nas alíneas precedentes.

III.- Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento (RLSG), configuran os proxectos de urbanización

como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización,” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento. Neste caso atinxe á execución material das obras de urbanización do polígono II da AOD A-3-10 Esturáns, coas características e resto de parámetros descritos no “Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) – aprobado polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar con data do 24.07.2019, adicada a Ordenación detallada AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo, como así se fai neste caso, tal e como indica o enxeñeiro técnico de obras públicas desta XMU en informes do 24.09.2019 e 27.01.2020, respectivamente.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

En relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obriga observancia, o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas en data 23.11.2012 informa que “(...) Constan en el expediente informes de los departamentos municipales de tráfico, electromecánicos, jardines y limpieza en los que hacen una serie de puntualizaciones en distintos aspectos de las instalaciones de su competencia que han sido tenidas en cuenta en su totalidad y se han incluido en la segunda revisión del proyecto de noviembre de 2012. El proyecto cumple con las vigentes NNUU del PXOM, con el decreto 35/2000 de accesibilidad y la orden VIV/561/2010 de 1 de febrero sobre condiciones básicas de accesibilidad y utilización de los espacios públicos urbanizados. (...)”.

Asemade, e á vista da nova documentación achegada pola propiedade, obran no expediente informes do enxeñeiro civil da Oficina de urbanización e infraestruturas de datas 24.09.2019 e 27.01.2020, que conclúen que o proxecto que nos ocupa dá cumprimento ás determinacións da normativa urbanística e de planeamento de aplicación e que conta coa documentación esixida ao respecto, informes que se incorporan á presente proposta de aprobación definitiva e lle serven de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Concello de Vigo

IV.- Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado definitivamente o Instrumento de ordenación provisional que contén a ordenación detallada, como presuposto de execución material do artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG.

Pola súa banda, sinálase que, este polígono desenvolveuse polo sistema de concerto, e o seu proxecto de equidistribución, tramitado no expediente núm. 4855/401 acadou a aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 07.12.2012.

V.- Formulación e tramitación

Os proxectos de urbanización que se redacten para a execución das obras faranse por encargo da administración actuante ou a iniciativa particular nos sistemas de execución indirectos, como o que nos ocupa.

A promotora deberá xustificar diante do Concello a solicitude dos informes das empresas subministradoras e distribuidoras do servizos que deberán ser emitidos no prazo de un mes, transcorrido o cal poderase continuar co procedemento aprobatorio.

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3º do amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados; Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos;

Á vista do resultado da información pública, - do xeito e co resultado reflectido no relato de feitos da presente- o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

VI.- Constitución das garantías precisas

Resulta de aplicación a este respecto o previsto no artigo 3.8.11.i do PXOU-93 no que respecta á garantía das obras de urbanización, así como o pautado polo artigo 96 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Con data do 25.06.2020 o enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas emite informe verbo da procedencia da imposición de constitución de garantía no presente procedemento, por un importe do 100% do custo de execución material das obras de urbanización, para garantir a execución simultánea de edificación e urbanización , pola cantidade de (835.781, 90 €).

Esta garantía deberá constituírse no prazo máximo de 6 meses dende a aprobación definitiva do presente proxecto de urbanización, mediante calquera dos mecanismos previstos na vixente lexislación de contratos das administracións públicas (ou norma que nun futuro a substitúa, de ser o caso); Cancelándose a mesma unha vez recibida a urbanización e a recepción das obras, e transcorrido o preceptivo prazo de garantía (1 ano).

O incumprimento polo promotor das obrigacións de urbanización, así como do prazo de garantía, provocará a incautación por parte do municipio da garantía prestada para satisfacer as responsabilidades derivadas da execución das obras de urbanización.

VII.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010.

Por canto antecede, e de conformidade cos informes técnicos incorporados ao expediente subsritos con datas do 24.09.2019 e 27.01.2020, que se incorporan e forman parte do presente expediente, e lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Ratificar definitivamente o acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o 21.12.2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao "Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns», instrumento urbanístico promovido pola entidade "Prazadouro, SL", documento redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de Galicia de día 02.09.2010 e documentación reformada -sen visar- integrada no referido proxecto como "reformado" coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401); e no mesmo acto prestar aprobación con carácter definitivo a documentación complementaria da anterior, que divide o proxecto en fases, presentada no rexistro xeral desta XMU con data do 16.05.2013 (doc. 130057020) subsrita por EAM - "Enxeñería e análise medioambiental"- en data maio de 2013, coa documentación que o integra, consistente en: Memoria descritiva do proxecto, estudo de seguridade e saúde, planimetría, prego de condicións e orzamento; así como prestar aprobación definitiva ao documento nomeado "Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS", redactado por "Urbing ingeniería", e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019, documentación toda ela que se incorpora e forma parte do presente expediente.

Segundo.- Subsecuentemente, e aos efectos de que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de seis (6) meses, dende a aprobación definitiva do presente proxecto de urbanización, a entidade "Prazadouro, SL" deberá proceder a depositar garantía por importe do 100% do custe de execución material das obras de urbanización ligadas ao desenvolvemento do presente ámbito urbanístico, para garantir a execución simultánea da edificación e urbanización, polo importe de 835.781,90€, segundo o informado polo enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas con data do 25.06.2020.

Terceiro.- Advírteselle á promotora de que, tralo estudo por esta administración do proxecto de estatutos da futura entidade urbanística de conservación, inserido no rexistro electrónico do concello de Vigo con data do 30.06.2020, co Cod. Sol. W4460009-9181, (Exp.5257/401) consonte ao determinado no art. 324 e concordantes do RLSG, e unha vez aprobados polo órgano municipal competente, deberá proceder á constitución da entidade urbanística de conservación con carácter previo á recepción das obras de urbanización, á que lle corresponderá -segundo o previsto nos artigos 232 e 233, en relación co artigo 322 e seguintes do RLSG- a conservación das obras de urbanización e que deberá estar aprobada e constituída con anterioridade á recepción das obras.

Cuarto.- Notificar o contido íntegro do presente acordo ao propietario do ámbito e a todos os interesados no procedemento, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición perante o órgano que o dictou no prazo dun (1) mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao departamentos de tráfico, Patrimonio e Contratación, Estadística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade,



Concello de Vigo

Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Unión Fenosa Distribución, S.A., Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.(...)”.

B) Modificación do Proxecto de urbanización

I. Sentados os antecedentes expostos, con data do 28.08.2023 a arquitecta directora das obras, insería no Rexistro electrónico da XMU, baixo o Cod.Sol.: W962562-1174, impreso de solicitude, ao que xunta o proxecto modificado que nos ocupa, aos efectos da súa tramitación e aprobación.

II. Examinada a antedita documentación, constan emitidos os seguintes informes técnicos municipais, de carácter favorable:

- Informe do Enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas, asinado con data do 21.09.2023 (trámite 308 do expediente dixitalizado), no que conclúe que, *o proxecto modificado núm. 1 das obras de urbanización do polígono 2 da APR A-3-10 Esturáns, presentado pola entidade “Prazadouro S.L” considerase completa e axeitada tecnicamente para proceder a súa aprobación de confirmidade co pautado no artigo 226.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia.*

- Informe da Arquitecta xefa do departamento de Desenvolvemento Urbanístico, asinado con data do 21.09.2023 (trámite 311 do expediente dixitalizado) do seguinte teor literal,

“(..)O Instrumento de Ordenación Provisional, IOP, aprobado definitivamente o 24 de xullo de 2019 polo Pleno do Concello, incorporou a Ordenación Detallada, AOD, correspondente coa prevista no interior do polígono nº 2, no ámbito de solo urbano non consolidado do PXOM de Vigo de 2008, identificado como APR, A-3-10, ESTURÁNS, cuxa superficie de 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como ámbito completo.

Os proxectos de urbanización en desenvolvemento da AOD, redactados e aprobados daquela, tamén foron recuperados, así a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 17/07/2020, acordou ratificar definitivamente o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 21/12/2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao “Proxecto de Urbanización da APR A-3-10 Esturáns” e prestar aprobación con carácter definitivo á documentación complementaria que o integra.

*Segundo a memoria do **proxecto modificado**, durante a execución das obras de urbanización apareceron causas imprevistas ou non coñecidas no momento de redacción do proxecto inicial de data 2/06/2012, que quedan documentadas no informe do técnico de infraestruturas, conven xustificar dende o punto de vista do planeamento dous delas:*

A) A dependencia da ordenación do polígono n.º 2 tiña coa ordenación dos ámbitos colindantes, polo Sur coa Ordenación Detallada, AOD da APR A-3-14 CHOUZO e polo Oeste co polígono n.º 1 da propia AOD da APR, A-3-10, ESTURÁNS segundo o PXOM 2008. Entre outros obxectivos deses ámbitos, estaban os de favorecer a conexión entre Tomás A. Alonso e Avda. de Castelao e dar permeabilidade da zona creando viarios menores en sentido transversal á rúa Tomás A. Alonso, polo que a estrutura viaria estaba interrelacionada.

A declaración de nulidade contida na sentenza de 10 de novembro de 2015 do Tribunal Supremo que afectou o PXOM de 2008, anulou os ámbitos dos dous polígonos de Esturáns e o do Chouzo. A IOP tan só puido recuperar o polígono nº 2, quedando a ordenación descolgada, illada e sen posibilidade de

continuidade polo que corresponderalle á revisión do PXOM integrar o ordenado no polígono nº 2 no conxunto do territorio.

Mentres non se produza a ordenación e execución dos ámbitos colindantes a accesibilidade e permeabilidade do polígono nº 2 cara fora e de fora cara o polígono nº 2, non se conseguírase polo que teñense que tomar **medidas provisionais** para solucionar os seguintes problemas puntuais:

- Ante a falla de continuidade do viario n.º 2 do polígono que se está a executar, l, optase pola supresión das prazas de prazas de aparcamento e configurar un espazo que permita a manobra dos vehículos e favoreza a súa saída como medida provisiona
- Interrupción do tráfico rodado no actual camiño dos Esturáns, como medida provisional, óptase por manter o tráfico rodado para dar un servizo que na actualidade teñen os veciños.

B) A existencia dunha rede eléctrica de media tensión en servizo, que discorre pola beirarrúa contraria da que figuraba executar no proxecto inicial, entre a concesionaria do servizo, os técnicos directores da obra e o técnico municipal tómase a decisión de modificar a posición do centro de transformación da fase I e situalo na beirarrúa contraria, na couzada M4 Espazos Libres e Zonas Verdes, na fase II, en aras a simplificación dos trazados e evitar duplicidades. Trátase dunha modificación non substancial compatible co planeamento que é necesario documentar no proxecto modificado, polas implicacións na concesionaria das infraestruturas eléctricas.

- Esta zona ríxese polo artigo EST-25. Espazos libres públicos da **Normativa da AOD**, a urbanización e tratamento das parcelas pertencentes ao Sistema Local de Espazos Libres, deberá axustarse ás determinacións dos artigos do Capítulo 6.3 das Normas Urbanísticas, especialmente os comprendidos entre o 6.3.4 e o 6.3.9, malia o anterior, en concreto, o artigo 6.3.10 **Condicións especiais para a implantación de instalacións de transformación de tensión**, permite que "A posibilidade de implantación subterránea de infraestruturas de transformación de tensión, estará regulada polas mesmas condicións que se recollen no anterior Artigo 6.3.9 para os aparcadoiros".

O uso de infraestruturas no subsolo das zonas verdes e espazos libres se lle impón as mesmas condicións impostas para os aparcadoiros, como son entre outros:

- Non tratase do subsolo dun parque clasificado como Grande Parque Histórico, nin Parque periurbano, nin Espazos libres do Litoral.
- Non supón unha perda do 30% do arboredo nin a eliminación dalgunha arbore catalogada.
- Non estamos nunha área de protección integral de xacementos arqueolóxicos.
- Os forxados se sitúen en nivel inferior ó das rúas ou espazos lindeiros.
- Sobre as rasantes definitivas só poderán asomar elementos construtivos para acceso d ou ventilacións
- A ordenanza 14 de Espazos libres e zonas verdes da **Normativa da IOP**, artigo 8.14.4 Condicións de deseño e de execución, establece tamén que as infraestruturas de transformación da tensión da enerxía eléctrica estaran suxeitos as determinacións específicas dos artigos 6.3.9 e 6.3.10.
- A **Normativa do Plan Básico Autonómico**, PBA, de carácter complementario ao planeamento municipal, regula tamén no seu artigo 176 Usos, da Ordenanza reguladora do solo destinado a espazos libres e zonas verdes, que xustificadamente e por motivos de necesidade, admitiranse infraestruturas de servizo baixo rasante e en superficie, con medidas correctoras de carácter ambiental (ocultación, mimetización).

En resumo, por unha banda, trátase de documentar as obras que conlevan as medidas provisionais que temporalmente vanse executar e as que son necesarias documentar nun proxecto modificado polas implicacións da concesionaria das infraestruturas eléctricas, todas elas de carácter non substancial e provisional.(..)"

FUNDAMENTOS DE DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada



Concello de Vigo

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
- Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións que poidan afectar

II.- Modificación do Proxecto de urbanización. Motivación e suficiencia da documentación

Na memoria descritiva do proxecto modificado achegado, xustifícase polo miúdo os motivos que dan lugar ao presente acordo, e no que a modo de resumo, conclúen que, resultan sobrevidas con ocasión da execución das obras.

Ditas causas/ motivos, reflíctense nos informes técnicos municipais *supra relacionados* nos antecedentes de feitos, e a cuxo contido nos remitimos.

O proxecto modificado intégrase polos seguintes documentos:

Memoria Descritiva: 1. Antecedentes; 2. Causas da Modificación; 3. Proposta da intervención; 4. Xustificación de Prezos; 5. Estudo de Seguridade e saúde no traballo; 6. Revisión de Prezos; 7. Fases de Obra. Programación e Prazos; 8. Prazo de garantía, fases de obra, programación e prazos; 9. Clasificación do contratista; 10. Presuposto das obras; 11. Cumprimento do artigo 127.2 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas; 12. Cumprimento da Lei de supresión de barreiras arquitectónicas; 13. Conformidade previa de outros organismos; 14. Documentos que integran o presente proxecto; 15. Conclusión; Anexos.

Dito extremo, verbo da suficiencia da documentación achegada, se contén no informe técnico do 21.09.2023 do enxeñeiro de camiños, canais e portos.

III.- Tramitación

Tal e como se indicou no expositivo, a observancia dos principios de brevidade e subsidiariedade administrativa comporta que se reiteren as consideracións contidas neste apartado no informe proposta que deu lugar á aprobación definitiva do proxecto de urbanización, do que devén o presente modificado.

No concerne á tramitación dos proxectos de urbanización así como as súas modificacións, o artigo 96.3 da LSG e en similares termos o artigo 226 do RLSG, determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes, mediante anuncio que se inserirá no Boletín oficial da Provincia, nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

En puridade o documento en exame alberga prescricións que determinan condicións e termos para a máis doada execución das obras, e que, en síntese reviste un carácter non substancial e menor, poren non resulta necesario recadar novos informes sectoriais.

IV.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade cos informes técnicos incorporados ao expediente de data 21.09.2023, que se incorporan á presente proposta e que lle serve de motivación, consonte ao previsto no artigo 88.6 da LPACAP, proponse á Xunta de Goberno Local, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Prestar aprobación inicial ao "Proxecto de urbanización modificado do polígono II da AOD ESTURÁNS", elaborado pola arquitecta María L. Iglesias Fenández, (colexiada 2981) en data agosto de 2023.

SEGUNDO: Subsecuentemente e a teor da nova documentación que se incorpora ao expediente e a que se presta aprobación inicial, sométese o mesmo a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se inserirá no "Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, e nun dos xornais de maior difusión da provincia, computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente no Servizo de información/Rexistro da XMU do Concello de Vigo, en horario de oficina, ou ben a través da sede electrónica e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada ás persoas propietarias de parcelas incluídas no polígono e nos sistemas xerais afectos.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos departamentos municipais con competencias na materia, así como as empresas subministradoras Aqualia, Unión Fenosa Distribución, Telefónica de España, R Cable y Telecable Telecomunicacións, e Nedgia, SA.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das



Concello de Vigo

disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Fixación dos prezos públicos de venda de entradas para a programación municipal de artes escénicas vigocultura prevista no auditorio municipal entre o 13 de outubro e o 17 de decembro de 2023. expte. 5114/330.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

12(838).- FIXACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA A PROGRAMACIÓN MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS VIGOCULTURA PREVISTA NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE O 13 DE OUTUBRO E O 17 DE DECEMBRO DE 2023. EXPTE. 5114/330.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 2/10/2023 e o informe de fiscalización do 4/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 2/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

A concellería-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, en virtude do decreto da Alcaldía do 19 e 28 de xuño do 2023 polo que se establece a estrutura da Administración do Concello de Vigo e se delegan as competencias 2023-2027, decreto da alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación xenérica de competencias en concelleiros das Area de Goberno e concelleiros delegados, e da resolución de delegación de competencias específicas de data 3 de xullo de 2023, ten entre as súas competencias en materia de Cultura:

10.- A xestión do Auditorio Municipal en relación á programación municipal que nel se desenvolva"

Dentro deste ámbito competencial, a Área de Cultura xestionou a programación municipal de artes escénicas Vigocultura que terá lugar no Auditorio Municipal do Concello, entre o 13 de outubro e o 17 de decembro. A proposta da programación foi seleccionada na convocatoria pública publicada no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, para presentación de propostas artísticas para o citado programa que se resolveu, con data 21 de setembro (e posterior modificación de data 25 de setembro) por parte da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística (expte. 5077/330), que tamén foi publicada no perfil do contratante.

A concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística resolveu, con data 29 de setembro do 2023, que polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural se inicie o expediente necesario para a fixación dos prezos de venda das entradas para cada espectáculo programado dentro da programación municipal de artes escénicas Vigocultura, que se desenvolverá no Auditorio Municipal do Concello, entre o 13 de outubro e o 17 de decembro de 2023, de cara á súa aprobación na Xunta de Goberno Local previamente ao inicio do servizo de venda, de acordo co disposto no artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coa ordenanza municipal do Concello de Vigo reguladora de prezos públicos nº42.

Na memoria económica xustificativa que acompaña o expediente realízase a xustificación detallada dos prezos propostos que se axustan á lexislación vixente e conforme ao establecido na dita ordenanza municipal.

Segundo o apartado 1º do artigo 44 do TRLRFL *“o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada”*.

No apartado 2º do dito precepto establécese que *“cando existan razóns sociais benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese”*. Neste caso, o orzamento municipal vixente para 2023 incorpora as aplicacións 3340.226.09.04 “Programa Música, Teatro e Danza” e 3331.226.09.06 “Programación auditorio municipal”, dotadas economicamente de xeito que permite realizar as contratacións correspondentes que aquí se detallan para poder cubrir esta diferenza resultante. Os expedientes de contratación atópanse agora mesmo en tramitación.

Os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de **inquestionable interese cultural**, ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación.

O artigo 44 da Constitución Española establece que *“os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito”*. Por outro lado, e tras a reforma da Lei Básica do Réxime Local de 1985 efectuada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racio-



Concello de Vigo

nalización e sostibilidade da Administración Local, figuran entre as competencias municipais propias a “promoción da cultura e os equipamentos culturais” (artigo 25.m).

Establecer un prezo de entrada que supoña como mínimo o coste da actividade tal e como establece a Lei Reguladora das Facendas Locais suporía afastar ás cidadás e aos cidadáns da oportunidade de acceder á cultura, xa que implicaría establecer prezos moi elevados aos que non toda a poboación podería ter acceso.

Neste sentido cobra especial relevancia o apoio institucional ás actividades culturais que o Concello de Vigo oferta na súa programación cultural de artes escénicas (música, teatro, danza...), xa que debe ser un obxectivo fundamental de calquera institución cultural a participación e acceso á cultura e motivar a realización e desenvolvemento das actividades culturais, físicas, artísticas e sociais que promovan, o acceso a textos dramáticos (intimamente relacionado co acceso á lectura), a educación en valores (a través da programación familiar), así como facilitar o desenvolvemento de habilidades intelectuais e emocionais transmitidas a través das artes escénicas, capacidades e competencias sociais e culturais no ámbito da comunidade.

A ordenanza número 42 reguladora de prezos públicos pola prestación de organización de espectáculos” establece no artigo 3 un prezo mínimo de 2 €; así mesmo, e tendo en conta que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece no apartado 3.1 da citada ordenanza, incrementáanse as tarifas relacionadas en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

As entradas serán postas á venda anticipadamente, trala aprobación do presente expediente de fixación de prezos, a través da páxina web de Giglón (contrato adxudicado no expediente número 3508/330), na Librería “Libros para soñar” e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houbese entradas disponibles).

O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, se ben a dita facultade está delegada na Xunta de Goberno Local (artigo 3 da ordenanza n.º 42 reguladora de prezos públicos, en relación co artigo 47 do TRLFL).

Á vista do exposto, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, previos os informes xurídicos e da Intervención Xeral, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“Fixar os prezos de venda de entradas para a **PROGRAMACIÓN MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS VIGOCULTURA PREVISTA NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DO 13 DE OUTUBRO AO 17 DE DECEMBRO DE 2023**, de acordo coa ordenanza número 42 reguladora de prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, segundo o seguinte detalle:

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	CACHÉ	N.ºMAX. ENTRADAS	COSTE/ ESPECTADOR MÁXIMO	PREZO PROPOSTO
13 DE OUBRO	NATALIA OUTEIRO PAJARITO	Isolada	2.900,00 €	285	10,18 €	8,00 €
14 DE OUBRO	MIGALLAS TEATRO	Falemos como galegas	1.600,00 €	285	5,61 €	5,00 €
15 DE OUBRO	FESTUC TEATRE	La lámpara maravillosa	3.146,00 €	285	11,04 €	5,00 €
20 DE OUBRO	TERRITORIO VIOLETA	A que voy yo y lo encuentro	4.779,50 €	285	16,77 €	10,00 €
21 DE OUBRO	A FERROZ	Frio	4.790,05 €	285	16,81 €	10,00 €
22 DE OUBRO	L,AUTÉNTICA	Oh OH AH EI!	3.200,45 €	210	25,14 €	5,00 €
27 DE OUBRO	A RIR A VIGO	Jazmin Abuin Agustín Jiménez Álex Salaberri Bianca Kóvacs	5.280,00 €	285	18,53 €	12,00 €
28 DE OUBRO	A RIR A VIGO	Arantxa Treus Agustín Jiménez Maru Candel David Navarro	5.280,00 €	285	18,53 €	12,00 €
29 DE OUBRO	TALIA TEATRO	Voa, voa!	1.990,00 €	285	6,98 €	5,00 €
3 DE NOVEMBRO	CHICHARRÓN CIRCO FLAMENCO	Sin Ojana	2.990,00 €	285	10,49 €	8,00 €
5 DE NOVEMBRO	A XANELA DO MAXÍN	Coliño	1.900,00 €	210	9,05 €	5,00 €
10 DE NOVEMBRO	OSCAR COBOS COMPAÑÍA DE DANZA	Bailador	12.000,00 €	285	42,11 €	12,00 €
11 DE NOVEMBRO	IBUPROFENO TEATRO	Deazpan Karaoke	2.541,00 €	285	8,92 €	8,00 €
12 DE NOVEMBRO	MAGIA EN LA MANGA	A Igualdade non ten truco	2.238,50 €	285	7,85 €	5,00 €
18 DE NOVEMBRO	RAFAEL FERNÁNDEZ	SEIS, Lorca en Galicia	3.630,00 €	285	12,74 €	10,00 €
19 DE NOVEMBRO	LA BALDUFA	La fábula de la ardilla	4.356,00 €	285	15,28 €	5,00 €
24 DE NOVEMBRO	COMPAÑÍA PEPA PLANA	Si tu te vas	5.505,00 €	285	19,32 €	12,00 €
25 DE NOVEMBRO	LABORATORIO ESCÉNICO	Blues de Medianoite	3.932,50 €	285	13,80 €	10,00 €
26 DE NOVEMBRO	LUZ MICRO Y PUNTO	Años Luz	2.349,96 €	285	8,25 €	5,00 €
3 DE DECEMBRO	GUAYOMINÍ PRODUCCIONES	CaLORCaLor	3.327,50 €	285	11,68 €	5,00 €
9 DE DECEMBRO	PRODUCCIONES TEATRAIS EXCENTRICAS S.L.	O auto do castromil	3.267,00 €	285	11,46 €	8,00 €
15 DE DECEMBRO	CASTRO&WELICKI	Cantigaé verso	1.089,00 €	285	3,82 €	3,00 €



Concello de Vigo

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	CACHÉ	N.ºMAX. ENTRADAS	COSTE/ ESPECTADOR MÁXIMO	PREZO PROPOSTO
16 DE DECEMBRO	VAIVEN	Redada familiar	8.470,00 €	285	29,72 €	12,00 €
17 DE DECEMBRO	TEATRO PARAÍSO	Ventanas	3.630,00 €	285	12,74 €	5,00 €

2.- Establecer os seguintes abonos e descontos:

* ABONOS Á CARTA:

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra.
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra.

* DESCONTOS:

- Establécese un desconto do 30% en virtude de posibles convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

- Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos nos espectáculos para público adulto.

As porcentaxes de redución do prezo non serán acumulables.”

3.- As entradas serán postas á venda anticipadamente, trala aprobación do presente expediente de fixación de prezos, a través da páxina web de Gíglon (contrato adxudicado no expediente número 3508/330), na Librería “Libros para soñar” e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houbese entradas disponibles).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(829).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez